

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEAREAS, CELEBRADA O 17 DE NOVEMBRO DO 2015.-

Casa do Concello Ponteareas 17 de novembro do 2015, baixo a presidencia do Sr. Alcalde don Xosé Represas Giráldez, asistindo a secretaria accidental dona Pilar Rodríguez Domínguez, están reunidos os señores concelleiros dona Cristina Fernández Davila, dona Hortensia Bautista Fernández, dona Verónica Carrera Blanco, don Francisco Floreal Alonso Pedreira, dona M^a Jesús Garrote Represas, don Mario Lago Moriña, dona Vanesa Fernández Soage, don Benito Marquez Castro, don Manuel Norberto Troncoso Rodríguez, don Salvador González Solla, dona M^a Belén Villar González, don Jesús Manuel Cao Vila, dona María Soledad Valado Pérez, don Manuel Alberto Novoa Iglesias, don Domingo Freitas Dalmeida (que se incorpora no punto 6), don Juan Carlos González Carrera, dona M^a José González Aparicio, dona Raquel Bautista Alfaya (que se incorpora no punto 10.e), e don Lino Costas Vila, con obxecto de levar a cabo sesión ordinaria da Corporación Municipal previamente convocada para a data e que se celebra en primeira convocatoria. Sendo as 20,05 horas, polo Sr. Alcalde dase por iniciada a sesión e de conformidade coa Orde do Día son adoptados os seguintes acordos:

1.-Aprobación das actas das sesións celebradas o 9 e 20 de outubro do 2015.-

Informados das actas das sesións do 9 e do 20 de outubro do 2015, son aprobadas por unanimidade a favor dos membros presentes (19 votos a favor).

2.-Dar conta dos decretos e resolucións dictados pola Alcaldía, e dar conta da dilixencia de subsanación de erros con respecto aos decretos e resolucións que se deron conta no pleno ordinario anterior.

O SR. ALCALDE, os decretos que se deron conta no pleno do 20-10-15 tiñan un erro de numeración, pero o contido dos mesmos non varia.

A Corporación queda enterada.

RELACIÓN DECRETOS E RESOLUCIÓN PARA PLENO ORDINARIO DE 20 DE OUTUBRO DE 2015.

Período dos Decretos e Resolucións: **do 7 de setembro de 2015 ó 2 de outubro de 2015.**

Empezan co número **1668.15 do 7 de setembro de 2015** e rematan co número **1835.15 de 2 de outubro de 2015.**

A Corporación Municipal queda enterada dos decretos e resolucións dictados pola Alcaldía do 5 de outubro ao 6 de novembro do 2015:

Empezan co número **1836.15 do 5 de outubro de 2015** e rematan co número **2086.15 de 6 de novembro de 2015.**

C O N T I D O:

ALTAS no Padrón Municipal de Habitantes: Cinconta e un (51).

BAIXAS no Padrón Municipal de Habitantes: Trece (13).

CAMBIOS DE ENDEREZO no Padrón Municipal de Habitantes: Vinte e un (21).

PERSOAMENTOS E OUTROS: Dou (2).

ORDENACIÓNS DE PAGOS: Trinta e tres (33).

PAGOS A XUSTIFICAR: Catro (4).

APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA: Un (1)

APROBACIÓN LIQUIDACIÓN DE TAXAS: Viente (23).

FRACCIONAMENTOS DE PAGOS: 7 (Sete)

DEVOLUCIÓN INGRESOS/ REINTEGRO GASTOS: Vinte (20).

TRANSFERENCIA DE CRÉDITO: Un (1)

MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA: Un (1)

RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO: Tres (3)

APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA: Dous (2)

RECLAMACIÓN DE CANTIDADE: Un (1)

ESTIMACIÓN/DESESTIMACIÓN RECURSOS E OUTROS: Sete (7)

INICIO EXPEDIENTES SANCIONADORES: Cinco (5)

CONVOCATORIAS DE PLENOS, XUNTAS DE GOBERNO E COMISIÓNS INFORMATIVAS: Dezanoito (18).

EXPEDIENTES POR INFRACCIÓNS EN MATERIA DE TRÁFICO, CIRCULACIÓN E SEGURIDADE VIAL: Sete (7).

APROBACIÓN LISTAS COBRATORIAS E OUTROS: Un (1).

RECTIFICACIÓN ERROS E OUTROS: Tres (3).

LISTA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS: Un (1).

OFERTAS DE EMPREGO: Dous (2)

CONTRATACIÓN DE PERSOAL: Tres (3).

NOMEAMENTO DE TRIBUNAIS: Dez (10)

AUTORIZACIÓN ENTERRAMENTOS: Un (1).

AUTORIZACIÓN FESTEXOS E OUTROS: Tres (3)

INSCRIPCIÓN ALTAS/BAIXAS LIBRO REXISTRO ANIMAIS: Dous (2)

Nº 1852.15– Aprobando participación cidadá nos Plenos da Corporación.

Nº 1855.15.- Aprobando contrato menor de servizos de asesoramento administrativo á empresa STELLGUS S.L.

Nº 1856.15.- Aprobando certificación nº1-final, factura e acta de recepción da obra “Renovación Alumeadado Público na consecución da mellora da eficiencia e aforro enerxético nas rúas Daniel Ojea, Vázquez Fraile, rúa Salvatera e rúa dos Mestres”.

Nº 1954.15.- Adjudicando a dona Julia Vilas Cruz, o contrato menor de Dirección das OBRAS DE MELLORA NO MERCADO MUNICIPAL.

RELACIÓN DECRETOS E RESOLUCIÓNS PARA PLENO ORDINARIO DE 17 DE NOVIEMBRE DE 2015.

Período dos Decretos e Resolucións: **do 5 de outubro de 2015 ó 6 de novembro de 2015.**

Empezan co número **1816.15 do 5 de outubro de 2015** e rematan co número **2086.15 de 6 de novembro de 2015.**

C O N T I D O:

ALTAS no Padrón Municipal de Habitantes: Cinconta e un (51).

BAIXAS no Padrón Municipal de Habitantes: Trece (13).

CAMBIOS DE ENDEREZO no Padrón Municipal de Habitantes: Vinte e un (21).

PERSOAMENTOS E OUTROS: Dou (2).

ORDENACIÓNS DE PAGOS: Trinta e tres (33).

PAGOS A XUSTIFICAR: Catro (4).

APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA: Un (1)

APROBACIÓN LIQUIDACIÓN DE TAXAS: Viente (23).

FRACCIONAMENTOS DE PAGOS: 7 (Sete)

DEVOLUCIÓN INGRESOS/ REINTEGRO GASTOS: Vinte (20).

TRANSFERENCIA DE CRÉDITO: Un (1)

MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA: Un (1)

RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO: Tres (3)

APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA: Dous (2)

RECLAMACIÓN DE CANTIDADE: Un (1)

ESTIMACIÓN/DESESTIMACIÓN RECURSOS E OUTROS: Sete (7)

INICIO EXPEDIENTES SANCIONADORES: Cinco (5)

CONVOCATORIAS DE PLENOS, XUNTAS DE GOBERNO E COMISIÓNS INFORMATIVAS: Dezanoito (18).

EXPEDIENTES POR INFRACCIÓNS EN MATERIA DE TRÁFICO, CIRCULACIÓN E SEGURIDADE VIAL: Sete (7).

APROBACIÓN LISTAS COBRATORIAS E OUTROS: Un (1).

RECTIFICACIÓN ERROS E OUTROS: Tres (3).

LISTA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS: Un (1).

OFERTAS DE EMPREGO: Dous (2)

CONTRATACIÓN DE PERSOAL: Tres (3).

NOMEAMENTO DE TRIBUNAIS: Dez (10)

AUTORIZACIÓN ENTERRAMENTOS: Un (1).

AUTORIZACIÓN FESTEXOS E OUTROS: Tres (3)

INSCRIPCIÓN ALTAS/BAIXAS LIBRO REXISTRO ANIMAIS: Dous (2)

Nº 1852.15– Aprobando participación cidadá nos Plenos da Corporación.

Nº 1855.15.- Aprobando contrato menor de servizos de asesoramento administrativo á empresa STELLGUS S.L.

Nº 1856.15.- Aprobando certificación nº1-final, factura e acta de recepción da obra “Renovación Alumeado Público na consecución da mellora da eficiencia e aforro enerxético nas rúas Daniel Ojea, Vázquez Fraile, rúa Salvatera e rúa dos Mestres”.

Nº 1954.15.- Adxudicando a dona Julia Vilas Cruz, o contrato menor de Dirección das OBRAS DE MELLORA NO MERCADO MUNICIPAL.

Nº 2039.15.- Nomeando ao funcionario don Carlos Pardo Otero como Secretaria da Mesa no proceso de eleccións sindicais do Concello de Pontearreas.

3.-Proposta da Alcaldía do 13-11-15, de cambio de data da sesión ordinaria da Corporación Municipal, correspondente ao mes de decembro, para o 21 de decembro do 2015.-

O SR. ALCALDE, O terceiro martes do mes de decembro é o 15 de decembro, coincide coa semana previa das eleccións xerais polo que esta sala estaría ocupada, propónse celebrar o pleno o 21-12-15 segundo a proposta seguinte:

“Considerando que o vindeiro 20 de decembro de 2015 se celebran as Eleccións Xerais e que o Pleno ordinario do mes de decembro coincide nesa semana, sendo necesario utilizar previamente o salón de sesións da Casa do Concello para almacenar diferente material, que se remite pola Subdelegación do

Goberno, para o procedemento electoral, co cal o salón estaría ocupado polo citado material co conseguinte perigo para a seguridade do mesmo.

Despois do falado na Xunta de Portavoces do 11-11-15.

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

-Cambiar a data da sesión ordinaria da Corporación que debía celebrarse o 15 de decembro, para o 21 de decembro do 2015, ás 20,00 horas, co mesmo carácter de sesión ordinaria”.-

Sométese a proposta a votación co resultado: 19 votos a favor, unanimidade dos membros presentes.

Na súa consecuencia, a Corporación Municipal acorda :

-Cambiar a data da sesión ordinaria da Corporación que debía celebrarse o 15 de decembro, para o 21 de decembro do 2015, ás 20,00 horas, co mesmo carácter de sesión ordinaria”.-

4.-Dar conta do estado de execución do estado de gastos e ingresos do Presuposto correspondente ao terceiro trimestre do 2015, así como do movemento de tesoureiría por operacións presupostarias e non presupostarias.

O SR. ALCALDE, o informe do interventor do 03-11-15, e demais documentación estivo a disposición dos concelleiros na carpeta do pleno.

A Corporación Municipal queda enterada do informe do Interventor do 03-11-15 sobre o estado de execución do estado de gastos e ingresos do Presuposto correspondente ao terceiro trimestre do 2015, así como do movemento de tesoureiría por operacións presupostarias e non presupostarias.

5.-Proposta de anulación da modificación presupostaria 16 CRED EXTR 2015 e anulación parcial da modificación presupostaria 35-CRED EXTR 2015.-

Visto o dictame da comisión de Facenda do 11-11-15.

Visto informe do interventor do 28-08-15.

O SR. ALCALDE, era para dúas instalacións de biomasa na escola infantil e no centro social, non se renunciou á subvención do 2014 e a Xunta nos penalizou 2 anos sen poder concurrir a novas subvencións, se publicou no DOG.

Por outra banda e dado que non se puideron executar as obras, se anula a modificación para dispoñer desas partidas para outra finalidade .-

Vista a proposta do concelleiro de Facenda do teor:

“ANULACIÓN DA MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA 16 -CRED EXTR- 2015 E ANULACIÓN PARCIAL DA MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA 35- CRED EXTR- 2015.

O Concello-Pleno en sesión celebrada o día 28 de abril de 2015, prestou a súa aprobación á proposta de modificación do presuposto municipal vixente para o exercicio en curso número 16 –CRED EXTR- 2015 por un importe total de 5.194,00 euros, e que tiña como finalidade dotar un crédito extraordinario polo indicado importe correspondente á aportación municipal ao proxecto de instalación de biomasa no centro social municipal, cuxo coste total ascendía a 20.776,00 euros, para cuxa financiación se tiña presentado dita actuación de investimento á Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia no marco de procedemento: Proxectos Dinamizadores das áreas rurais de Galicia para proxectos de equipamemntos térmicos de biomasa 2015.

Non sendo posible levar a cabo a referida actuación de investimento nos termos temporais fixados polas bases reguladoras da subvención concedida, propónse a anulación de dita modificación presupostaria.

Asemesmo, o Pleno do Concello en sesión celebrada o día 21 de xullo do ano en curso, adoptou acordo de aprobación de modificación presupostaria número 35 – CRED EXTR- 2015, por un importe total de 34.666,00 euros.

Na proposta que deu lugar o citado acordo se indicaba que esta Administración municipal tiña elaborado unha memoria técnica de instalación de biomasa para a Gardería Municipal, ascendendo o custo total de dita instalación a 23.616,00 euros, para cuxa financiación se tiña presentado dita actuación de investimento na Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia no marco do procedemento: Proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para proxectos térmicos de biomasa 2015. Para dar cobertura á financiación municipal a dito proxecto que ascendía a 5.904,00 euros incluíase no expediente de modificación presupostaria citado un crédito extraordinario por dito importe.

Ao igual que no suposto anterior non sendo posible levar a cabo a referida actuación de investimento nos termos e condicións temporais fixados polas bases reguladoras da subvención concedida, propónse a anulación parcial da modificación presupostaria citada.

Por todo elo, PROPÓNSE ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- Anular a modificación presupostaria número 16- CRED EXTR- 2015, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de 28 de abril de 2015, co seguinte detalle:

Aplicación presupostaria cuxos créditos se dan parcialmente de baixa:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
94300-46300	Transfer. Mancomunidade	5.194,00

Créditos que se habilitan:

<u>APICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
23000-62306	Instalación biomasa Centro Social Municipal	5.194,00

2.- Anular parcialmente a modificación presupostaria número 35- CRED EXTR- 2015, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de 21 de xullo do ano en curso, co seguinte detalle:

Aplicacións presupostarias cuxos créditos se dan parcialmente de baixa:

APLICAC. PRESUPOST.	DENOMINACIÓN	IMPORTE
94300-46300	Transf, Mancomunidade Condado	5.904,00

APLICAC. PRESUPOST,	DENOMINACIÓN	IMPORTE
32100-62307	G. Infantil Instal. Biomasa	5.904,00

3.- Notificar o presente acordo ao departamento de Intervención aos efectos de contabilización das anulacións propostas”.-

O SR. COSTAS VILA, estamos a favor da proposta, é necesaria, pero insto ao goberno para que nun futuro se instalen enerxías renovables en centros municipais.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, a favor. Daquela se pediron subvencións para biomasa, pido que a partida se destine para un bo fin.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, de acordo coa proposta.

No ano 2014 se nos concedeu en sete de outubro e non se puido levar a cabo polo pouco marxe de tempo para xustificar. Nos extraña que o INEGA publicara en febreiro, cando o concello son de abril, non entendo a postura do INEGA.

VOTACION.-Unanimidade a favor dos membros presentes (19 votos a favor).

Na súa consecuencia a Corporación Municipal acorda:

1.- Anular a modificación presupostaria número 16- CRED EXTR- 2015, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de 28 de abril de 2015, co seguinte detalle:

Aplicación presupostaria cuxos créditos se dan parcialmente de baixa:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
94300-46300	Transfer. Mancomunidade	5.194,00

Créditos que se habilitan:

<u>APICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
23000-62306	Instalación biomasa Centro Social Municipal	5.194,00

2.- Anular parcialmente a modificación presupostaria número 35- CRED EXTR- 2015, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de 21 de xullo do ano en curso, co seguinte detalle:

Aplicacións presupostarias cuxos créditos se dan parcialmente de baixa:

APLICAC. PRESUPOST.	DENOMINACIÓN	IMPORTE
94300-46300	Transf, Mancomunidade Condado	5.904,00

APLICAC. PRESUPOST,	DENOMINACIÓN	IMPORTE
32100-62307	G. Infantil Instal. Biomasa	5.904,00

3.- Notificar o presente acordo ao departamento de Intervención aos efectos de contabilización das anulacións propostas”.-

6.-Proposta do concelleiro de Servizos Sociais, do 13-11-15, respecto das alegacións presentadas ao regulamento do Consello Sectorial Social, e aprobación definitiva de dito regulamento, se procede.-

O SR. FREITAS DALMEIDA, incorpórase á sesión.

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, en principio pido dous minutos para salientar a postura de solidariedade coas vítimas de París, e condear os feitos.

Da conta de proposta do teor:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS AO PLENO DA CORPORACIÓN

XUSTIFICACION

Toda aquela acción política centrada no ámbito local debe ser consciente da súa potencialidade na mellora ou, pola contra, no empeoramento da calidade de vida dos cidadáns. A proximidade e a rede de relacións forxadas no plano municipal entre as diversas dimensións existentes no mesmo e os seus habitantes, posibilitan e facilitan a transformación do entorno. A democracia, a igualdade, a convivencia, os valores cidadáns, o respecto ao medio, etc., son principios que se poden fomentar de forma moi directa a través do traballo a nivel local.

Nesta liña, a pretensión é que cada municipio debe desenvolver con e para os seus propios veciños e veciñas accións que promovan unha mellora significativa da súa calidade de vida, constituíndo estas un eixe central no conxunto das políticas locais, entre as que ferramentas como a solidariedade, a equidade, a cultura e a educación en coordinación con procesos estratéxicos e de participación cidadá, constitúen eixos sobre o que basear a actividade neste eido.

Sen embargo, a inxustiza, a exclusión social, a falta de transparencia ou a desigualdade de oportunidades son aspectos que se viven en demasiadas ocasións no traballo institucional que se leva a cabo no eido municipal. Factores como a tan manida escasa dotación de recursos, a falta de preparación técnica axeitada, as loitas partidistas, a falta de vontade política e unha xestión baseada no enriquecemento persoal e no trato de favor son, entre outros, os principais problemas que dificultan ás corporacións locais o deseño de planificacións estratéxicas en política social.

Esta triste realidade, e incidindo na gran relevancia que a implicación do ente administrativo e burocrático máis próximo debe ter na organización da vida dos cidadáns e na resolución dos problemas que a estes lles afectan, dado que o entendemos como o mellor dos escenarios para orixinar a comunicación, suscitar a participación e promover o desenvolvemento social, é a que articula a actividade de Ponte Solidario en xeral e a proposta dun órgano de traballo plural, como o é a Mesa Social, en particular.

Centrándonos no contexto do concello de Ponteareas, podemos destacar a ausencia aparente dunha xestión planificada e coordinada dos eidos social, educativo e cultural, unha constante fragmentación política, a escasa participación da cidadanía na vida pública, así como acontecementos recentes con implicacións a nivel social, onde as consecuencias do actual contexto de crise provocan que, os cada vez máis limitados recursos dos servizos sociais municipais deban dar resposta ás cada vez maiores solicitudes de axuda dos seus habitantes. Todo isto desemboca en que, colectivos como o noso entendan como insuficiente a cobertura institucional activada para protexer a aqueles colectivos

especialmente vulnerables de superar o albor da exclusión social e se planten a necesidade de por en marcha unha nova metodoloxía e uns novos obxectivos na acción dos servizos sociais municipais.

A concreción desta inqueda materialízase na elaboración dun Informe de Mínimos e na articulación dunha Mesa Social, instrumento de traballo que se propón como aberto e plural a prol da xustiza social e a igualdade de oportunidades, que recolle entre os seus obxectivos fundamentais promover a calidade de vida da poboación local, estender a cultura e a súa produción máis aló das clases e grupos económicos socialmente privilexiados e empregar a educación como un factor de desenvolvemento persoal e social para todos os cidadáns sen exclusión algunha.

Pola contra, e pese a contar co apoio dunha boa parte de asociacións e colectivos sociais, o partido do goberno, en marzo o Partido Popular, agora na oposición, tras rexeitar a proposta popularmente lexitimada, presentou un Consello Sectorial Social que, ademais de desprezar o elemento substancial da Mesa Social, que é a posibilidade de abrila á participación cidadá, non recolleu ou ignorou aspectos de necesaria cabida nun órgano que pretende ser eficaz e dar solución ás problemáticas que afectan a parte dos ponteareáns que acoden, en maior ou menor medida aos diversos organismos de axuda existentes no municipio.

Co cambio producido no goberno local e a proposta de modificación aprobada na sesión plenaria, Ponte Solidario, insiste no seguinte:

O Regulamento aprobado no Pleno do pasado 17 de marzo e modificado na sesión plenaria do 21 de xullo non recolle moitas das propostas do Informe de Mínimos promovido pola asociación “Ponte Solidario”, propostas asumidas pola maioría dos grupos políticos da actual Corporación Municipal. Nesta liña, a pretensión é que o municipio poida desenvolver con e para os seus propios veciños e veciñas accións que promovan unha mellora significativa da súa calidade de vida, constituíndo estas un pilar no conxunto das políticas locais, entre as que ferramentas como a solidariedade, a equidade, a cultura e a educación en coordinación con procesos estratéxicos e de participación cidadá, constitúen eixos sobre o que basear a actividade neste eido.

Incidindo na gran relevancia que a implicación do ente administrativo debe ter na organización da vida dos cidadáns e na resolución dos problemas que a estes lles afectan, e entendendo como o mellor dos escenarios para orixinar a comunicación, suscitar a participación e promover o desenvolvemento social, a proposta dun órgano de traballo plural, como é o Consello Sectorial Social.

-Vistas as reclamacións presentadas por dona Yolanda Carballido Martínez (en nome do Círculo Feminista), por don Manuel Ucha Díaz (en nome da Asociación Ponte Solidario), por dona Marta Louzao Pereira (en representación da Plataforma de Afectados pola Hipoteca), e por EU-SON, ao acordo adoptado polo Pleno da Corporación o 21-07-15 sobre aprobación inicial da modificación de determinados artigos do Regulamento do Consello Sectorial Social:

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:

1º.-Estimar as alegacións presentadas por:

1.a). Dona Yolanda Carballido Martínez, en nome do Círculo Feminista, (registro nº 7533).

1.b).- Don Lino Costas Vila (concelleiro de EU-Son), con rexistro nº 6892.

1.c).-Don Manuel Ucha Diaz, en nome da Asociación Ponte Solidario, rexistro nº 6999), e por dona Marta Louzao Pereira (en representación da Plataforma de Afectados pola Hipoteca (nº 7348), agás os apartados que contan co informe desfavorable da Asesoría Xurídica.

2º.-APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DOS ARTIGOS DO CONSELLO SECTORIAL SOCIAL, SENDO O TEXTO DOS INDICADOS ARTIGOS COA NOVA REDACCIÓN TRALA MODIFICACIÓN, O SEGUINTE:

ARTIGO 2.- FINALIDADE E OBXECTIVOS.

O Consello Sectorial Social, configúrase como instrumento básico de participación e diálogo dos axentes sociais, que ten como fin servir de marco de encontro entre as entidades sociais implicadas e cidadanía en xeral, e que propicie, pola vía da colaboración, a mellor ordenación e máxima eficacia das actuacións en materia social, permitindo, así mesmo, a substancial protección de usuarias/os e as súas familias, en aras de promover as súas necesidades e dereitos.

O Consello Sectorial Social desenvolverá exclusivamente funcións de informe e no seu caso proposta en relación coas iniciativas municipais relativas ó sector social no ámbito de Concello de Pontearreas, segundo RD 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Os obxectivos serán:

- Facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social.
- Dar protección e oportunidades sociais e educativas a menores de idade e a aquelas persoas que se atopan en situación de conflito ou desamparo.
- Facilitar a execución de políticas públicas de anticipación a unha sociedade multicultural, favorecendo a integración e socialización normalizada de inmigrantes, emigrantes retornados e minorías étnicas.
- Promover e dinamizar a participación comunitaria, o asociacionismo solidario, a axuda mutua e a implicación da cidadanía na posta en marcha de iniciativas de prevención e mellora da cohesión social.
- Incrementar a rede de apoio social no Concello.
- Promover e dinamizar a iniciativa social.
- Favorecer a coordinación entre axentes sociais.
- Optimizar os recursos sociais.
- Promover a igualdade de oportunidades e a xustiza social
- Coñecer cantas propostas cidadás en materia de benestar social sexan formuladas e canalizadas e debater ditas iniciativas.
- Coñecer e analizar as necesidades sociais existentes.
- Empregar a educación e a cultura como elementos estruturadores de toda acción social.

- Orientar a actividade no eido social ao desenvolvemento persoal e ao empoderamento da poboación.

ARTIGO 3.- FUNCÍONS.

O Consello Sectorial Social de Ponteareas terá como funcións principais ou competencias as seguintes:

- Coordinar a intervención socioeducativa para unha mellora da atención ofrecida a familias e colectivos en risco de exclusión social, dende unha perspectiva de prevención, formativa e holística.
- Reforzar o carácter integral das intervencións profesionais dende os diferentes ámbitos coas familias atendidas, posibilitando a súa integración social.
- Facilitar a comunicación, o intercambio de opinións e información entre entidades sociais e a administración pública.
- Promover a sensibilización positiva do conxunto da poboación ponteareán ante as distintas problemáticas sociais ou sociofamiliares.
- Coordinar as actuacións dirixidas a fomentar e apoiar as manifestacións de solidariedade da comunidade.
- Detectar situacións de risco social e problemáticas que afecten á integridade das persoas e ao seu desenvolvemento individual e social.
- Diseñar actuacións estratéxicas para a prevención de situacións e problemáticas de especial prevalencia a nivel municipal.
- Dar a coñecer e cuantificar indicadores sociais xenéricos de relevancia para a acción social, respectando en todo caso a lexislación de protección de datos.
- Propoñer ao *goberno municipal*, medidas preventivas ou correctivas ás diversas problemáticas detectadas.
- Trasladar á Comisión de Goberno e ao Pleno Municipal as propostas e suxestións emanadas do Consello sectorial Social.
- *Dar a coñecer e cuantificar indicadores sociais xenéricos de relevancia para a acción social, respectando en todo caso a lexislación de protección de datos. Acompañado dunha interpretación dos mesmos.*
- *Elaboración de informes de impacto de xénero dos proxectos que sexa presentados*
- *Valorar o traballo do concello no ámbito dos servizos sociais.*

ARTIGO 4.- COMPOSICIÓN

O Consello Sectorial Social en pleno terá a seguinte composición:

-O Concelleiro /a da Corporación en quen delegue o Sr. Alcalde, que actuará como Presidente/a.

E os seguintes vocais:

- Un responsable técnico dos Servizos Sociais do Concello de Ponteareas, que actuará como Secretario/a do Consello (con voz e voto).

- O Concelleiro/a de Servizos Sociais do Concello de Pontareas.
- *O Concelleiro/a de Igualdade do Concello de Pontareas (alegación presentada polo círculo feminista).*
- Un/Unha representante de cada asociación e colectivo sen ánimo de lucro que realizan actividades sociais demostradas en Pontareas.
- Un/Unha representante de cada colectivo cultural e veciñal da vila.
- Un/Unha representante da FANPO e de cada ANPA con actividade no municipio.
- Un/Unha membro de cada grupo político sen representación municipal, pero con actividade no concello.
- Un/Unha representante de cada sindicato.
- Un/unha membro de cada grupo político da Corporación Municipal.
- *Un/Unha representante/s de cada movemento social ou asociación que sen estar incluído en algún dos anteriores apartados realicen actividade na vila e que a súa labor teña unha función de mellora e organización social (vivenda, comercio, educación, ecoloxismo, formación, emprego e/ou outras actividades salientables). (alegación presentada polo círculo feminista).*

As diferentes organizacións sinaladas no punto anterior interesadas en participar deben solicitar a súa incorporación por Rexistro de Entrada do Concello e cada organización nomeará un/unha representante que poderá ser substituído por outra persoa con previo aviso.

A asistencia e participación dos seus membros non será retribuída.

Unha persoa só poderá representar a unha organización en cada reunión.

Os membros do Consello poderán ir acompañados de un/unha asesor técnico.

FUNCIÓNS

Do Presidente/a

- Convocar as reunións por escrito cunha antelación mínimo de dez días para as ordinarias e de dous días para as extraordinarias.
- Establecer a orde do día das reunións.
- Ostentar voto de calidade en caso de empate.
- Trasladar á Xunta de Goberno e ao Pleno Municipal as propostas e suxestións emanadas do consello sectorial e adoptar as medidas necesarias para a súa toma en consideración.
- Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de Presidente/a ou lle sexan encomendadas polo propio Consello sectorial en pleno.

Do Secretario/a

- Levantar acta das reunións. As actas se someterán a aprobación do consello sectorial en pleno na seguinte sesión.

ARTIGO 5.- FUNCIONAMENTO.

O Consello funciona en Pleno integrado pola Presidencia e os vocais.

O local para reunións será o determinado polo propio Consello Sectorial social.

O Consello Sectorial Social en Pleno, reunirse bimestralmente, en sesión ordinaria, nos meses impares, e en sesión extraordinaria, sempre que a presidencia o considere necesario ou o solicite a quinta parte dos/as membros do Consello Sectorial Social.

A convocatoria para as sesións ordinarias, farase cunha antelación mínima de oito días e irá acompañada da orde do día e, se procede, da documentación correspondente.

Para a sesión extraordinaria, a antelación mínima será de corenta e oito horas.

O/a secretario/a do Consello Sectorial Social, levantará acta de cada sesión na que figurará os acordos adoptados e as incidencias que sexan procedentes para reflexar fielmente a sesión.

O/a secretario/a do Consello Sectorial Social, levantará acta de cada sesión na que figurará os acordos adoptados e as incidencias que sexan procedentes para reflexar fielmente a sesión.

As actas serán asinadas polo/a secretario/a, co visto e prace da presidencia, e serán sometidas para a súa aprobación ó inicio da seguinte sesión.

Os acordos serán aprobados por maioría simple dos membros asistentes, dirimindo os empates a Presidencia, mediante voto de calidade.

Os acordos adoptados non serán vinculantes para os órganos municipais, mais o/a Concelleiro/a de Servizos Sociais informará de todos os acordos acadados por maioría do Consello Sectorial Social aos órganos pertinentes.

Tanto as reunións do Consello Sectorial Social e da Asemblea Aberta serán de carácter aberto e público. Ambos órganos establecerán as medidas necesarias para garantir a confidencialidade das persoas e o disposto na Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal.

O Presidente, a petición da quinta parte dos membros do Consello Sectorial Social, convocará asembleas abertas, nas que participarán os membros do Consello e a cidadanía en xeral, e que terán como función básica coñecer as demandas e propostas da cidadanía, as cales, formuladas por escrito, serán debatidas e analizadas na súa totalidade.”

A Xunta de Goberno aportará información ao Consello Sectorial da situación social do Concello”.-.

O SR. COSTAS VILA, alégrome que o goberno acepte as alegacións de Ponte Solidario e da Plataforma de afectados pola Hipoteca.

A iniciativa xurdiu de Ponte Solidario, logo recollida polos grupos políticos.

Facer historia: O PP o truxo ao pleno e foi rexeitada. Logo o novo goberno truxo outra e despois se tivo unha xuntanza e consensuouse un novo documento .

Eu como concelleiro, estaba disposto a votar en contra, pero votei a favor.

Presentadas as alegacións e visto o informe xurídico decía que o Alcalde non podía ser o Presidente.

O Alcalde pediu un novo informe xurídico, do 5-11-15 que se remite ao anterior, pero se acepta o documento orixinal polo cal loitaron os colectivos.

Decir que na última xuntanza se dixo que se faría unha xuntanza para o 20 de novembro, xa é un pouco tarde.

A SRA. GONZÁLEZ APARICIO, ACIP, lamenta o retraso do tema, fai tempo que estar tería estar feito.

Revisadas as follas, non me casa.

O informe xurídico do 5 de novembro remítese ao contido do informe xurídico do 8-10-15, e si leemos con respecto alegación do Sr. Costas Vila di que non pode ser admitida porque o mesmo votou a favor do texto aprobado inicialmente e o ser membro da Corporación o camiño axeitado para que se introducira a modificación sería pola vía de emenda.

Imos a pola proposta que se trae ao pleno e se propón

“Estimar as alegacións presentadas por:

1.a).Dona Yolanda Carballido Martínez, en nome do Círculo Feminista, (registro nº 7533).

1.b).-Don Lino Costas Vila (concelleiro de EU-Son), con registro nº 6892.

1.c).-Don Manuel Ucha Diaz, en nome da Asociación Ponte Solidario, registro nº 6999), e por dona Marta Louzao Pereira (en representación da Plataforma de Afectados pola Hipoteca (nº 7348), agás os apartados que contan co informe desfavorable da Asesoría Xurídica”.-

Entón, a espera de que me dean luz, de momento non imos a emitir o voto.

Estamos de acordo pero nos reservamos para logo.

O SR. GONZÁLEZ SOLLÁ, xa na aprobación inicial votamos a favor,+agora tamén.

Estamos de acordo co dito polo Sr. Costas que isto parece un culebrón; feito dunha improvisación.

É certo que no pleno de marzo o PSOE presentou 2 acordos (programa de mínimos e mesa).

Logo coa entrada do novo goberno, en xullo se presenta unha nova proposta (pero coincidía coa nosa de marzo), modificando uns artigos.

O Sr. Troncoso a presentou,a modificou, e no pleno de xullo pediuse un receso, houbo cambios, e aprobouse por unanimidade o 21-7-15. O Sr. Troncoso decía que que o Regulamento xa recollía as propostas de Ponte Solidario.

Analizando as propostas de marzo e de xullo varían bastante, e con respecto a de xullo agora se presentan 5 alegacións.

O 14 de outubro se convoca comisión informativa en base ao informe xurídico, e días despois se retira do pleno; agora en novembro se trae outro texto.

Ao final se chega a un texto final.

Si un lee a xustificación do Sr. Troncoso aparece "Ponte Solidario", entendo sería"o goberno".

Culebrón, prisas, falta de rigor.

O PP vota a favor, contarán coa participación do PP para que esto funcione.

O SR. ALCALDE, decírlle á Sra. Aparicio, consultouse co xurídico sobre a alegación de EU, e dixo que si a Corporación o considera non hai impedimento legal para aprobalo en pleno.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, as duas alegacións son iguais.

O SR. COSTAS VILA, non teño problema, podo presentala oralmente no pleno.

O SR. ALCALDE, había outra dunha veciña fora de prazo, esa sí non sería factible, pero sí a de EU.

A SRA. GONZÁLEZ APARICIO, si se quere facer así Sr. Costas, vale. Creo na palabra do Alcalde en canto o dito polo asesor xurídico lmos votar a favor.

Si se quere coller a proposta de EU como emenda.

O SR. ALCALDE, si queren se pode votar así.

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, na exposición me baseo nos informes do asesor xurídico.

Con relación ao dito polo Sr. Costas con respecto á reunión, os prazos os coñezo, a reunión será convocada.

A SRA. GONZÁLEZ APARICIO, o ultimo informe xurídico nos remite ao primeiro.

O SR. GONZALEZ SOLLA, o mellor sería que o Sr. Costas leera a emenda e se votara.

O SR. ALCALDE, xa dixen que se votaría como emenda, o contido pode leela o Sr. Costas.

O SR. COSTAS VILA, da lectura a sua alegación nº rexistro 6892:

*Con respecto as funcións.

Engadir: Valorar o traballo do Concello no ámbito dos servizos sociais.

Engadir: Propoñer ao goberno municipal medidas preventivas ou correctivas ás diversas problemáticas, individuais e/ou colectivas defectadas (A engadega vai en cursiva e suliñada).

*Con respecto ao funcionamento:

Engadir: a Comisión de Goberno aportará información ao Consello Sectorial social da situación social do Concello”.

VOTACIÓN Á FAVOR DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR :

-Dona Yolanda Carballido Martínez, en nome do Círculo Feminista, (rexistro nº 7533).

-Don Manuel Ucha Diaz, en nome da Asociación Ponte Solidario, rexistro nº 6999), e por dona Marta Louzao Pereira (en representación da Plataforma de Afectados pola Hipoteca (nº 7348), agás os apartados que contan co informe desfavorable da Asesoría Xurídica.

Unanimidade a favor dos membros presentes (19 votos a favor).

VOTACION Á FAVOR DA PROPOSTA DE EU:

-Don Lino Costas Vila (concelleiro de EU-Son), con rexistro nº 6892.

Unanimidade a favor dos membros presentes (19 votos a favor).

A SRA. GONZALEZ APARICIO, haberá que votar tamén a aprobación definitiva.

O SR. ALCALDE, entendo que a proposta era íntegra.

VOTACION A FAVOR DA APROBACIÓN DEFINITIVA.- Unanimidade a favor dos membros presentes (19 votos a favor).

Na sua consecuencia a Corporación Municipal acorda:

PRIMEIRO.-Estimar as alegacións presentadas por:

1.a).Dona Yolanda Carballido Martínez, en nome do Círculo Feminista, (registro nº 7533).

1.b).-Don Lino Costas Vila (concelleiro de EU-Son), con registro nº 6892.

1.c).-Don Manuel Ucha Diaz, en nome da Asociación Ponte Solidario, registro nº 6999), e por dona Marta Louzao Pereira (en representación da Plataforma de Afectados pola Hipoteca (nº 7348), agás os apartados que contan co informe desfavorable da Asesoría Xurídica.

SEGUNDO.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DOS ARTIGOS DO CONSELLO SECTORIAL SOCIAL, SENDO O TEXTO DOS INDICADOS ARTIGOS COA NOVA REDACCIÓN TRALA MODIFICACIÓN, O SEGUINTE:

ARTIGO 2.- FINALIDADE E OBXECTIVOS.

O Consello Sectorial Social, configúrase como instrumento básico de participación e diálogo dos axentes sociais, que ten como fin servir de marco de encontro entre as entidades sociais implicadas e cidadanía en xeral, e que propicie, pola vía da colaboración, a mellor ordenación e máxima eficacia das actuacións en materia social, permitindo, así mesmo, a substancial protección de usuarias/os e as súas familias, en aras de promover as súas necesidades e dereitos.

O Consello Sectorial Social desenvolverá exclusivamente funcións de informe e no seu caso proposta en relación coas iniciativas municipais relativas ó sector social no ámbito de Concello de Pontearreas, segundo RD 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Os obxectivos serán:

- Facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social.
- Dar protección e oportunidades sociais e educativas a menores de idade e a aquelas persoas que se atopan en situación de conflito ou desamparo.
- Facilitar a execución de políticas públicas de anticipación a unha sociedade multicultural, favorecendo a integración e socialización normalizada de inmigrantes, emigrantes retornados e minorías étnicas.
- Promover e dinamizar a participación comunitaria, o asociacionismo solidario, a axuda mutua e a implicación da cidadanía na posta en marcha de iniciativas de prevención e mellora da cohesión social.

- Incrementar a rede de apoio social no Concello.
- Promover e dinamizar a iniciativa social.
- Favorecer a coordinación entre axentes sociais.
- Optimizar os recursos sociais.
- Promover a igualdade de oportunidades e a xustiza social
- Coñecer cantas propostas cidadás en materia de benestar social sexan formuladas e canalizadas e debater ditas iniciativas.
- Coñecer e analizar as necesidades sociais existentes.
- Empregar a educación e a cultura como elementos estruturadores de toda acción social.
- Orientar a actividade no eido social ao desenvolvemento persoal e ao empoderamento da poboación.

ARTIGO 3.- FUNCÍONS.

O Consello Sectorial Social de Ponteareas terá como funcións principais ou competencias as seguintes:

- Coordinar a intervención socioeducativa para unha mellora da atención ofrecida a familias e colectivos en risco de exclusión social, dende unha perspectiva de prevención, formativa e holística.
- Reforzar o carácter integral das intervencións profesionais dende os diferentes ámbitos coas familias atendidas, posibilitando a súa integración social.
- Facilitar a comunicación, o intercambio de opinións e información entre entidades sociais e a administración pública.
- Promover a sensibilización positiva do conxunto da poboación ponteareán ante as distintas problemáticas sociais ou sociofamiliares.
- Coordinar as actuacións dirixidas a fomentar e apoiar as manifestacións de solidariedade da comunidade.
- Detectar situacións de risco social e problemáticas que afecten á integridade das persoas e ao seu desenvolvemento individual e social.
- Diseñar actuacións estratéxicas para a prevención de situacións e problemáticas de especial prevalencia a nivel municipal.
- Dar a coñecer e cuantificar indicadores sociais xenéricos de relevancia para a acción social, respectando en todo caso a lexislación de protección de datos.
- Propoñer ao *goberno municipal*, medidas preventivas ou correctivas ás diversas problemáticas detectadas.
- Trasladar á Comisión de Goberno e ao Pleno Municipal as propostas e suxestións emanadas do Consello sectorial Social.
- *Dar a coñecer e cuantificar indicadores sociais xenéricos de relevancia para a acción social, respectando en todo caso a lexislación de protección de datos. Acompañado dunha interpretación dos mesmos.*
- *Elaboración de informes de impacto de xénero dos proxectos que sexa presentados*
- *Valorar o traballo do concello no ámbito dos servizos sociais.*

ARTIGO 4.- COMPOSICIÓN

O Consello Sectorial Social en pleno terá a seguinte composición:

-O Concelleiro /a da Corporación en quen delegue o Sr.Alcalde, que actuará como Presidente/a.

E os seguintes vocais:

- Un responsable técnico dos Servizos Sociais do Concello de Ponteareas, que actuará como Secretario/a do Consello (con voz e voto).
- O Concelleiro/a de Servizos Sociais do Concello de Ponteareas.
- O Concelleiro/a de Igualdade do Concello de Ponteareas (*alegación presentada polo círculo feminista*).
- Un/Unha representante de cada asociación e colectivo sen ánimo de lucro que realizan actividades sociais demostradas en Ponteareas.
- Un/Unha representante de cada colectivo cultural e veciñal da vila.
- Un/Unha representante da FANPO e de cada ANPA con actividade no municipio.
- Un/Unha membro de cada grupo político sen representación municipal, pero con actividade no concello.
- Un/Unha representante de cada sindicato.
- Un/unha membro de cada grupo político da Corporación Municipal.
- *Un/Unha representante/s de cada movemento social ou asociación que sen estar incluído en algún dos anteriores apartados realicen actividade na vila e que a súa labor teña unha función de mellora e organización social (vivenda, comercio, educación, ecoloxismo, formación, emprego e/ou outras actividades salientables). (alegación presentada polo círculo feminista).*

As diferentes organizacións sinaladas no punto anterior interesadas en participar deben solicitar a súa incorporación por Rexistro de Entrada do Concello e cada organización nomeará un/unha representante que poderá ser substituído por outra persoa con previo aviso.

A asistencia e participación dos seus membros non será retribuída.

Unha persoa só poderá representar a unha organización en cada reunión.

Os membros do Consello poderán ir acompañados de un/unha asesor técnico.

FUNCIÓNS

Do Presidente/a

- Convocar as reunións por escrito cunha antelación mínimo de dez días para as ordinarias e de dous días para as extraordinarias.
- Establecer a orde do día das reunións.
- Ostentar voto de calidade en caso de empate.
- Trasladar á Xunta de Goberno e ao Pleno Municipal as propostas e suxestións emanadas do consello sectorial e adoptar as medidas necesarias para a súa toma en consideración.
- Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de Presidente/a ou lle sexan

encomendadas polo propio Consello sectorial en pleno.

Do Secretario/a

- Levantar acta das reunións. As actas se someterán a aprobación do consello sectorial en pleno na seguinte sesión.

ARTIGO 5.- FUNCIONAMENTO.

O Consello funciona en Pleno integrado pola Presidencia e os vocais.

O local para reunións será o determinado polo propio Consello Sectorial social.

O Consello Sectorial Social en Pleno, reunirse bimestralmente, en sesión ordinaria, nos meses impares, e en sesión extraordinaria, sempre que a presidencia o considere necesario ou o solicite a quinta parte dos/as membros do Consello Sectorial Social.

A convocatoria para as sesións ordinarias, farase cunha antelación mínima de oito días e irá acompañada da orde do día e, se procede, da documentación correspondente.

Para a sesión extraordinaria, a antelación mínima será de corenta e oito horas.

O/a secretario/a do Consello Sectorial Social, levantará acta de cada sesión na que figurará os acordos adoptados e as incidencias que sexan procedentes para reflexar fielmente a sesión.

O/a secretario/a do Consello Sectorial Social, levantará acta de cada sesión na que figurará os acordos adoptados e as incidencias que sexan procedentes para reflexar fielmente a sesión.

As actas serán asinadas polo/a secretario/a, co visto e prace da presidencia, e serán sometidas para a súa aprobación ó inicio da seguinte sesión.

Os acordos serán aprobados por maioría simple dos membros asistentes, dirimindo os empates a Presidencia, mediante voto de calidade.

Os acordos adoptados non serán vinculantes para os órganos municipais, mais o/a Concelleiro/a de Servizos Sociais informará de todos os acordos acadados por maioría do Consello Sectorial Social aos órganos pertinentes.

Tanto as reunións do Consello Sectorial Social e da Asemblea Aberta serán de carácter aberto e público. Ambos órganos establecerán as medidas necesarias para garantir a confidencialidade das persoas e o disposto na Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal.

O Presidente, a petición da quinta parte dos membros do Consello Sectorial Social, convocará asembleas abertas, nas que participarán os membros do Consello e a cidadanía en xeral, e que terán como función básica coñecer as demandas e propostas da cidadanía, as cales, formuladas por escrito, serán debatidas e analizadas na súa totalidade.”

A Xunta de Goberno aportará información ao Consello Sectorial da situación social do Concello”.-

TERCEIRO.- *Publicar o seu texto íntegro no BOP e transcorrer o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, para os efectos da súa entrada en vigor.*

O SR. ALCALDE, os puntos 7 e 8 propoño se debatan conxuntos e se voten por separado.

7.-Proposta da Alcaldía do 5-11-15 de aprobación inicial da ordenanza de transparencia, acceso a información pública e reutilización de datos.

Vista a proposta de acordo do Alcalde que consta no expediente.

Visto o dictame da comisión informativa de Réxime Interior do 11-11-15

Visto informe do asesor xurídico do 5-11-15

8.-Proposta da Alcaldía de adhesión ao Código Ético e do Bo Goberno do Plan de Transparencia do Goberno para as Entidades Locais.

Vista a proposta de acordo do Alcalde que consta no expediente.

Visto o dictame da comisión informativa de Réxime Interior do 11-11-15

O SR. ALCALDE, como consecuencia da Lei de Transparencia da FEGAMP se elaboraron as propostas dos puntos 7 e 8.

As propostas nos pareceron adecuadas para o noso concello.

Hai poucos concellos que o aprobaron (nos seríamos o terceiro de Galicia).

Foi un compromiso do pacto do goberno e diante dos veciños.

É ferramenta adecuada para ir poñéndoa en practica, como por exemplo: por a disposición todos os contratos do concello, condicións, empresas participantes, criterios, así o faremos con todos os contratos que se fagan.

O SR. COSTAS VILA, a favor da de transparencia, pretende facilitar información aos veciños, pido que se implanten medios electrónicos, non so papel.

Creo debe facerse un regulamento interno de acceso aos concelleiros, para que os funcionarios non teñan que ir cada pouco a preguntarlle ao Alcalde.

Nos parece ben adherirse ao Código Ético, pero quizais non todos tedes o mesmo concepto da ética (non agasallos ao anterior Alcalde por parte de Aquagest).

Se fala de non perxudicar a imaxe do Concello, ¿que quere decir?, non o entendo ben, como exemplo o tema do Alcalde de Ferrol (coma ia vestido mandos da OTAN).

Código ético, parece insuficiente.

Non nos parece ético ter dedicacións parciais, deberían estar destinadas a liberar tempo para o concello.

Levar a cabo no pleno do 15 de setembro e logo quedar no aire o asunto Vila Refuxio: regulamento, lugares acollida, partida presupostaria.

O SR. ALCALDE, cíñase.

O SR. COSTAS VILA, metín por rexistro fai uns días, escrito.

Está ben, pero non sei si todos temos a mesma ética.

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, a favor do código ético, sabendo que aínda se pode pulir, voto a favor.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, non podemos deixar de estar dacordo. Fálase da Lei estatal do 2013, a lei está para cumprirse.

É desenvolver o que dí a Lei de Bases de Réxime Local .

Non é algo novo que o goberno quera facer agora. Fai dous meses na web do concello púxose, sacouse; esperamos que a páxina avance.

De acordo.

Decirlle ao goberno que somos 21 concelleiros que representamos aos veciños. Censuramos ao Alcalde por obstaculizar a nosa labor.

Non se nos pode impedir o acceso a documentación á que temos dereito.

Cando presentamos escritos, e se ten 5 días para contestarnos, e non nos deixa acceder ao documento, e se nos di que non é necesario para a nosa labor, comete irregularidades. O ROF no artigo 15 fala dos dereitos que temos.

Nos remitimos á sesión de investidura, dixo vostede que sería concello aberto, transparente; xa temos dous casos de denegacións.

Non se me deu a documentación se lle dí aos empregados, en nota por escrito, que non se pode acceder ao interior das oficinas.

Eu vou acceder a todos os despachos.

Sr. Alcalde, corrixa estas cuestións. Debe dirixirse aos concelleiros, non ao persoal.

Hai outra nota igual dunha concelleira.-

Entre na xurisprudencia e mire os nosos dereitos.

O SR. ALCALDE, remate.

O SR. GONZALEZ CARRERA, falo da moción de transparencia.

O SR. MARQUEZ CASTRO, o PSOE está a favor dos dous puntos.

Na páxina web, paulatinamente se irán subindo cousas.

A SRA. FERNÁNDEZ DAVILA, o BNG está a favor dos dous puntos.

A SRA. VILLAR GONZÁLEZ, dacordo coa ordenanza, dacordo con EU e con ACIP.

Sr. Alcalde, a transparencia non é unha palabra, hai que pola en práctica.

Temos dereito a fiscalizar.

Ao Sr. Marquez decirlle que non é verdade que non atoparan nada con respecto ás novas tecnoloxías. O PP fixo o traballo para que vostede tivera medios tecnolóxicos (páxina web, interconexión cos centros municipais, rexistro dixital, rexistro de facturas, etc. Supuxo unha inversión importante.

Tramitouse a firma dixital, se fixo ordenanza. Sí se fixeron cousas.

Unha persoa do público fala.

O SR. ALCALDE, si alguén do público quere falar, poderá facelo para o vindeiro pleno, previa solicitude.

O SR. ALCALDE. creo necesario dispor dun regulamento de funcionamento da Corporación, que se carece del. O propuxemos fai 4 anos, agora nos o faremos. Xa o temos enriba da mesa para consensuar, pendente de informes, así non haberá dúbidas en canto ao acceso.

Agora se aplica o ROF, non creo que se menoscabe a labor dos concelleiros.

Nas suas xestións poden acceder, pero en ocasións hai elevado número de documentación a aportar, e para non interferir na labor dos funcionarios. O tema foi consultado con algúns departamentos.

Non se prohibe nada ao que poden ter acceso.

Ao Sr. González Carrera decirlle que contaba cos informes correspondentes, e hai datos de carácter persoal que non poden estar a disposición dos membros (como asuntos sociais).

Non hai outros motivos. O outro será que expedientes non están completos.

O SR. COSTAS VILA, reitérolle que regule a cuestión de acceso aos documentos. Me chamou a atención a afinidade do PP coa transparencia, a un compañeiro, Román Alonso, se lle negou unha información, gañou en 1º instancia no xulgado e o concello recurriu.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, non pode ser Sr. Alcalde, teño documentos que din contrario.

Lea os artigos 14 e 15 do ROF, dereito fiscalización de control. Non tempos porque xustificar.

Pedin mirar facturas, e se me di que non é necesario para miñas funcións, logo falei con vostede e poden acceder.

Temos dereito a mirar os expedientes relativos a asuntos sociais, mañán pedireille o informe xurídico. É noso dereito.

A lei nos ampara a ter dereito aos expedientes. Lle recordo que fun moi respetuoso, me contestou despois dos 5 días.

O SR. MARQUEZ CASTRO, si o PP ven aquí a convercerme da súa transparencia decirlle (non deixaron listaxes de vehículos municipais, de convenios...)

Non digan que fixeron vostedes unha serie de cousas.

A SRA. VILLAR GONZÁLEZ, decirlle ao Alcalde, a lei nos obriga a adaptarnos, pero non somos o 3º concello de Galicia.

Foi aprobado pola Fegamp.

Ao Sr. Marquez, non é cuestións de si faltan ou non cousas, se puxeron os medios para que vostede poda utilizalos agora.

Agora levan 5 meses de goberno, adáptense á lei.

O SR. ALCALDE, ao Sr. González Carrera, terá o informe do asesor xurídico, a resposta foi en base ao que él nos trasladou.

A Sra. Villar: a lei está en vigor dende o 2013 ¿que fixo o PP para non adaptarse?.

Si se publicaran os contratos non teríamos a grúa sen contrato dende hai 9 anos.

A SRA. VILLAR GONZALEZ, solicita o uso da palabra.

O SR. ALCALDE, un minuto.

A SRA. VILLAR GONZÁLEZ, no 2013 aprobouse a lei, no 2014 se truxo ao pleno a ordenanza de administración electrónica, rexistro de facturas, páxina web, certificados dixitais, interconexións centros.

O SR. ALCALDE, lle din un minuto.

A SRA. VILLAR GONZALEZ, fixemos cousas, senón terían que comezar de cero.

A grúa: non é verdade que levara caducado 9 anos.

O SR. ALCALDE, a transparencia : operación Patos.

O SR. GONZALEZ SOLLA, protesta.

O SR. ALCALDE somete a votación os asuntos:

-Punto 7.-Unanimidade a favor dos membros presentes (20 votos a favor).

-Punto 8.-19 votos a favor (5 BNG, 4 PSOE, 1 ARDT, 7 PP, 2 ACIP), 1 abstención de EU.

Na sua consecuencia, a Corporación Municipal acorda:

1º.-Aprobación inicial da Ordenanza Transparencia, acceso á información pública e reutilización de datos

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A transparencia e a súa consecuencia práctica, a participación, son dous principios fundamentais nos estados modernos. A Constitución española incorpóraos ao seu texto en forma de dereitos nos seus Artigos 20.1d), 23.1 e 105.b).

Posteriormente, e a través de diversa normativa, as distintas administracións desenvolveron estes preceptos constitucionais básicos, contando tamén có fundamental apoio das novas tecnoloxías e a mellora continua e efectiva dos canles de comunicación cos cidadáns.

Singularmente, o Artigo 70 bis 3 da Lei 7/1985 dispón que os concellos deben impulsar a utilización interactiva das tecnoloxías da información e a comunicación para facilitar a participación e a comunicación cos veciños, disposición que se ve complementada có disposto no novo parágrafo ñ) do Artigo 25.2 da mencionada Lei, introducido a través da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

A Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bó goberno é un paso máis neste contexto, para seguir avanzando no chamado goberno aberto. Na súa Disposición Final Novena establece que “os Órganos das Comunidades Autónomas e Entidades Locais disporán dun prazo máximo de dous anos para adaptarse as obrigas nesta Lei”, polo que cómpre que as Entidades Locais inicien un proceso de adaptación a esta norma, sendo recomendable ordear integralmente a materia nunha Ordenanza adaptada ás circunstancias concretas e específicas do sector local.

En canto á estrutura, a Ordenanza consta de 39 Artigos divididos en 7 Capítulos, 1 Disposición Transitoria, 1 Disposición Final e un ANEXO I, no que se contemplan os criterios concretos a introducir como publicidade activa de información na Páxina Web.

No Capítulo I, e baixo o Título “Disposicións Xerais”, establécese o obxecto e ámbito de aplicación da Ordenanza, así como os principios xerais que a rexen.

No Capítulo II establécense os Principios Xerais da Información Pública a partires da definición da propia Lei, e nel se garante o acceso, os límites, a unidade responsable da información e os canles xenéricos de acceso á mesma.

No Capítulo III concréntanse aqueles aspectos que deben constar na Publicidade Activa da Información, que finalmente son desenvolvidos no Anexo I desta Ordenanza. Entendemos que deste xeito se clarifica e simplifica o proceso, tanto na visualización, como nas posibles modificacións que se poidan realizar posteriormente.

Nos Capítulos IV e V regúlense de xeito exhaustivo o procedemento de acceso á información pública e de reutilización da información.

No Capítulo VI establécese o procedemento para realizar reclamacións dentro do ámbito desta Ordenanza, así como o Réxime Sancionador.

Finalmente, no Capítulo VII, regúlense as responsabilidades en materia de avaliación e seguimento da Ordenanza.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1: Obxecto

Esta Ordenanza ten por obxecto garantir a transparencia na actuación do Concello de Pontearreas, así como o exercicio de reutilización e acceso á información pública, establecendo os medios necesarios para elo, que serán preferentemente electrónicos.

Artigo 2: Ámbito subxectivo de aplicación

1.-As disposicións desta Ordenanza serán de aplicación a:

a) Entidade Local de Pontearreas.

b) Os organismos autónomos, as entidades públicas empresariais e as entidades de dereito público con personalidade xurídica propia, vinculadas ou dependentes da Entidade Local

c) As sociedades mercantís en cuxo capital social a participación, directa ou indirecta, das entidades previstas neste artigo sexa superior ao 50 por 100.

d) As fundacións de iniciativa pública local ou de participación maioritaria da entidade local, ben sexa na súa dotación fundacional ou patrimonial ou nos seus órganos de goberno.

e) As asociación constituídas pola entidade local, organismos e demais entidades previstas neste artigo

2.-Calquera persoa física ou xurídica que preste servizos públicos ou exerza competencias administrativas de titularidade local, en todo o referido á prestación dos mencionados servizos ou no exercicio de potestades administrativas, deberá proporcionarlle á Entidade Local a información que sexa precisa para cumprir coas obrigas previstas na presente Ordenanza. Os adxudicatarios de contratos administrativos estarán suxeitos á mesma obriga nos termos que se establezan nos respectivos contratos.

Artigo 3. Principios xerais

Serán de aplicación para as suxeitos incluídos no ámbito de aplicación do Artigo

2.1.Os seguintes principios xerais

a) Publicidade

Presumirase o carácter público da información. O acceso poderá denegarse nos supostos expresamente previstos nas Leis e nesta Ordenanza mediante resolución motivada.

Así mesmo, publicarase por iniciativa propia aquela información que sexa relevante para garantir a transparencia da actividade, así como a que poida ser de maior utilidade para a sociedade e para a economía, permitindo e facilitando o control da súa actuación e o exercicio dos dereitos das persoas.

b) Reutilización

A información poderá ser reutilizada nos termos previstos na Lei 37/2007 e na presente Ordenanza.

c) Accesibilidade universal

Garantirase o acceso universal das persoas á información pública nos termos establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro e na presente Ordenanza, e especificamente ás persoas con discapacidade.

d) Accesibilidade inmediata

Estableceranse as medidas necesarias para que na medida do posible o acceso á información pública poida realizarse a través de medios electrónicos, sen necesidade de solicitude previa e de forma inmediata. Tamén se procurará que a publicación e posta a disposición se realice incluíndo ademais formatos electrónicos reutilizables sempre que sexa posible, todo iso sen prexuízo do dereito que asiste ás persoas a elixir a vía de comunicación.

e) Calidade

A información pública que se facilite ás persoas debe ser veraz, fidedigna, actualizada e comprensible. En toda publicación e posta a disposición indícarase a unidade responsable da información e a data da última actualización. Así mesmo, os responsables da publicación adaptarán a información para publicar, dotándoa dunha estrutura, presentación e redacción que facilite a súa completa comprensión por calquera persoa. A provisión de información pública deberá ser en todo momento eficaz, rápida e de calidade, debendo os empregados públicos da entidade local axudar ás persoas cando estas o soliciten e manténdose unha vía de comunicación específica entre a Entidade Local e os destinatarios da información.

Artigo 4. Dereitos das persoas

No ámbito do establecido nesta Ordenanza, as persoas teñen os seguintes dereitos:

- a) A acceder á información suxeita a obrigas de publicidade de acordo co establecido nesta Ordenanza.
- b) A ser informados se os documentos que conteñen a información solicitada ou dos que pode derivar a dita información, obran ou non en poder do órgano ou entidade, e, no caso de que non obren no seu poder, a que se lles informe sobre a entidade á que poderán dirixirse na súa procura.
- c) A ser asistidas na súa busca información.
- d) A recibir o asesoramento adecuado e en termos comprensibles para o exercicio do dereito de acceso.

e) A recibir a información solicitada dentro dos prazos e na forma ou formato elixido de acordo co establecido nesta Ordenanza.

f) A coñecer as razóns en que se fundamenta a denegación do acceso á información solicitada e, se é o caso, nunha forma ou formato distinto ao elixido.

g) A obter a información solicitada de forma gratuíta, sen prexuízo do aboamento, se é o caso, das exaccións que correspondan pola expedición de copias ou transposición a formatos diferentes do orixinal.

2. Calquera persoa, física ou xurídica, pública ou privada, poderá exercer os dereitos contemplados nesta Ordenanza, sen que caiba esixir para iso requisitos tales como a posesión dunha nacionalidade, cidadanía, veciñanza ou residencia determinada.

3. As entidades incluídas no ámbito de aplicación da presente ordenanza non serán en ningún caso responsables do uso que calquera persoa realice da información pública.

Artigo 5. Obrigas de transparencia, reutilización e acceso á información

1. Para o cumprimento das obrigas de transparencia, acceso á información e reutilización e nos termos previstos nesta Ordenanza, as entidades mencionadas no artigo 2.1 deben:

a) Elaborar, manter actualizada e difundir, preferentemente por medios electrónicos, a través das súas páxinas web ou sedes electrónicas, a información cuxa divulgación se considere de maior relevancia para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública, permitir a reutilización da información e facilitar o acceso á mesma.

b) Elaborar, manter actualizado e difundir un catálogo de información pública que obre no seu poder, con indicacións claras de onde pode encontrarse a dita información e ofrecer tamén o dito catálogo en formatos electrónicos abertos, lexibles por máquinas que permitan a súa redistribución, reutilización e aproveitamento.

c) Establecer e manter medios de consulta adecuados á información solicitada.

d) Adoptar as medidas de xestión da información que fagan fácil a súa localización e divulgación, así como a súa accesibilidade, interoperabilidade e calidade.

e) Publicar a información dunha maneira clara, estruturada e entendible para as persoas.

f) Publicar e difundir a información relativa ó contido do dereito de acceso á información, ao procedemento para o seu exercicio e ao órgano competente para resolver.

g) Publicar e difundir a información relativa aos termos da reutilización da información de forma clara e precisa para os cidadáns.

h) Difundir os dereitos que reconece esta Ordenanza ás persoas, asesorar a estas para o seu correcto exercicio e asistilas na busca de información.

i) Facilitar a información solicitada nos prazos máximos e na forma e formato elixido de acordo co establecido na presente Ordenanza.

2. As obrigas contidas nesta Ordenanza enténdense sen prexuízo da aplicación doutras disposicións específicas que prevexan un réxime máis amplo en materia de publicidade.

3. Toda a información prevista nesta Ordenanza estará a disposición das persoas con discapacidade nunha modalidade accesible, entendendo por tal aquela que sexa subministrada por medios e en formatos adecuados de maneira que resulten accesibles e comprensibles, conforme co principio de accesibilidade universal e deseño para todos.

CAPÍTULO II: PRINCIPIOS XERAIS DA INFORMACIÓN PÚBLICA

Artigo 6. Definición

Enténdese por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que estean en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Ordenanza e que fosen elaborados ou adquiridos no exercizo das súas funcións.

Artigo 7. Dereito de acceso á información pública

1. Todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública nos termos previstos no artigo 105 b) da Constitución e desenvolvidos pola Lei 19/2013, do 9 de decembro.

2. A capacidade de obrar para exercitar este dereito, incluso cando se trate de menores de idade, rexeráse polo disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 8: Límites ao dereito de acceso

1. A información pública regulada poderá ser limitada, ademais de nos supostos recollidos no artigo 14.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, en relación co exercicio delegado de competencias estatais e autonómicas, segundo prevexa a norma de delegación ou, se é o caso, respecto a calquera información que puidera afectar a competencias propias ou exclusivas doutra administración, cuxo dereito de acceso estea igualmente limitado pola normativa.

2. En todo caso, só se denegará o acceso á información pública afectada por algún dos límites enumerados no Artigo 9 desta Ordenanza e no punto anterior do presente artigo cando, trala resolución motivada e proporcionada previa, quede acreditado o prexuízo para aquelas materias e non exista un interese público ou privado superior que xustifique o acceso.

3. Se do resultado da dita ponderación, procedese a denegación do acceso, analizarase previamente a posibilidade de conceder o acceso parcial trala omisión previa da información

afectada polo límite de que se trate, salvo que de iso resulte unha información distorsionada ou que careza de sentido. Cando se conceda o acceso parcial, deberá garantirse a reserva da información afectada polas limitacións e a advertencia e constancia desa reserva.

Artigo 9: Protección de datos persoais

1. Toda utilización da información pública a través dos distintos mecanismos previstos nesta Ordenanza realizarase con total respecto aos dereitos derivados da protección de datos de carácter persoal, nos termos regulados na súa normativa específica e nos artigos 5.3 e 15 da Lei 19/2013.

2. A protección dos datos de carácter persoal non suporá un límite para a publicidade activa e o acceso á información pública cando o titular do dato falecese, salvo que concorran outros dereitos.

Igualmente, non se aplicará este límite cando os titulares dos datos os fixesen manifestamente públicos previamente ou fora posible a disociación dos datos de carácter persoal sen que resulte información enganosa ou distorsionada e sen que sexa posible a identificación das persoas afectadas.

3. Considéranse datos simplemente identificativos relacionados coa organización, funcionamento ou actividade pública dos órganos das entidades incluídas no artigo 2.1, os datos das persoas físicas que presten os seus servizos en tales órganos, consistentes unicamente no seu nome e apelidos, as funcións ou postos desempeñados, así como o enderezo postal ou electrónico, teléfono e número de fax profesionais.

Artigo 10. Unidades responsables da información pública

1. A Entidade Local establecerá sistemas para integrar a xestión de solicitudes de información dos cidadáns no funcionamento da organización interna que exercerán as seguintes funcións:
 - a) A tramitación das solicitudes de acceso á información, e, se é o caso, das reclamacións que se interpoñan.
 - b) O asesoramento ás persoas para o exercicio do dereito de acceso e a asistencia a aquelas na busca da información, sen prexuízo das funcións que teñan atribuídas outras unidades administrativas.
 - c) A inscrición, se é o caso, no rexistro de solicitudes de acceso.
 - d) Crear e manter actualizado un catálogo de información pública que obre en poder da Entidade Local, con indicacións claras de onde pode encontrarse a dita información.
 - e) A elaboración dos informes en materia de transparencia administrativa, reutilización e dereito de acceso á información pública.
 - f) A difusión da información pública creando e mantendo actualizados enlaces con enderezos electrónicos a través dos cales poida accederse a ela.
 - g) A adopción das medidas oportunas para asegurar a paulatina difusión da información pública e a súa posta a disposición dos cidadáns, da maneira máis ampla e sistemática posible

- h) A adopción das medidas necesarias para garantir que a información pública se faga dispoñible en bases de datos electrónicas a través de redes públicas electrónicas.
- i) Outras funcións que se lle poidan atribuír na materia necesarias para asegurar a aplicación das disposicións desta Ordenanza.

Artigo 11. Medios de acceso

1. As entidades incluídas no ámbito de aplicación desta Ordenanza están obrigadas a habilitar diferentes medios para facilitar a información pública, de modo que resulte garantido o acceso a todas as persoas, con independencia da súa formación, recursos, circunstancias persoais ou condición ou situación social. En todo caso, darase preferencia ao emprego de medios electrónicos e telemáticos.

2. Para estes efectos, ofrecerase acceso á información pública a través dalgúns dos seguintes medios:

- a) Oficinas de información.
- b) Páxinas web ou sedes electrónicas.
- c) Servizos de atención telefónica.

CAPÍTULO III: PUBLICIDADE ACTIVA DA INFORMACIÓN

Artigo 12. Obxecto e finalidade

1. Os suxeitos enumerados no artigo 2.1 publicarán, a iniciativa propia e de maneira gratuíta, a información pública cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade e a reutilización da información.

2. Especificamente, estarán obrigadas a publicar a información contida no Anexo I, que se estrutura en 7 áreas:

- a) Institucional, organizativa, planificación e persoal
- b) Altos cargos e persoas que exercen a máxima responsabilidade
- c) Xurídica e patrimonial
- d) Contratación, convenios e subvencións
- e) Económica, financeira e orzamentaria
- f) Servizos e procedementos
- g) Urbanismo e Medio Ambiente

Esta información ten carácter de mínimo e obrigatorio, sen prexuízo da aplicación doutras disposicións específicas que prevexan un réxime máis amplo en materia de publicidade, ou da posibilidade de ampliar o seu contido a vontade dos suxeitos obrigados.

Para o cumprimento da mesma, a Entidade Local poderá requirir a información que sexa precisa das persoas físicas e xurídicas que presten servizos públicos ou exerzan competencias administrativas, e dos contratistas, nos termos previstos no respectivo contrato.

2. Tamén será obxecto de publicidade activa aquela información cuxo acceso se solicite con maior frecuencia, e as resolucións que deneguen ou limiten o acceso á información unha vez fosen notificadas ás persoas interesadas, trala disociación previa dos datos de carácter persoal que contivesen.

Artigo 13. Lugar de publicación

1. A información publicarase na páxina web ou sede electrónica das entidades incluídas no seu ámbito de aplicación, preferentemente, nun portal específico de transparencia.

2. A páxina web ou sede electrónica da Entidade Local conterá, así mesmo, os enlaces ás respectivas páxinas web ou sedes electrónicas dos entes dependentes da entidade local e o resto de suxeitos e entidades vinculadas a esta con obrigas de publicidade activa impostas pola normativa que lles sexa de aplicación.

3. A Entidade Local poderá adoptar outras medidas complementarias e de colaboración co resto de administracións públicas para o cumprimento das súas obrigas de publicidade activa, incluíndo a utilización de portais de transparencia e de datos abertos doutras entidades.

Artigo 14. Órgano competente e forma de publicación

1. As entidades incluídas no artigo 2.1 da Ordenanza identificarán e darán publicidade suficiente á información relativa aos órganos competentes responsables da publicación activa regulada neste capítulo. En defecto de previsión específica na súa normativa estatutaria, entenderase que a dita responsabilidade lle corresponderá ao superior órgano unipersoal colexiado de cada entidade.

2. Incluirase o catálogo completo de información obxecto de publicidade activa, indicando o órgano ou servizo do que procede a información, a frecuencia da súa actualización, a última data de actualización, os termos da súa reutilización e, se é o caso, a información semántica necesaria para a súa interpretación.

Artigo 15. Prazos de publicación e actualización

1. Deberá proporcionarse información actualizada, atendendo ás peculiaridades propias da información de que se trate.

2. A información pública manterase publicada durante os seguintes prazos.

- a) A información das áreas a), b), c) e f) relacionadas no Artigo 12.2. mentres manteña a súa vixencia.
- b) A información da área d) relacionada no Artigo 12.2 mentres persistan as obrigas derivadas destes e, polo menos, dous anos despois de que estas cesen.
- c) A información da área e) relacionada no Artigo 12.2, durante cinco anos contados desde o momento que foi xerada.
- d) A información da área g) relacionada no Artigo 12.2, mentres manteña a súa vixencia e, polo menos, cinco anos despois de que cese esta.

3. A información publicada deberá ser obxecto de actualización no prazo máis breve posible e, en todo caso, respectando a frecuencia de actualización anunciada, de acordo coas características da información, as posibilidades técnicas e os medios dispoñibles.

4. En todo caso, adoptaranse as medidas oportunas para garantir que no mesmo lugar no que se publica a información pública se manteña a información que deixa de ser actual.

CAPÍTULO IV: PROCEDIMIENTO DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA

Artigo 16. Competencia

1. As entidades incluídas no ámbito de aplicación do artigo 2.1 desta Ordenanza identificarán e darán publicidade suficiente á información pública, aos órganos competentes para resolver as solicitudes de acceso á información pública.

2. Os órganos das entidades a que se refire o artigo 2.1 da Ordenanza que reciban as solicitudes de acceso inhibiranse de tramitalas cando, aínda tratándose de información pública que posúan, fora elaborada ou xerada na súa integridade ou parte principal por outra entidade. Así mesmo, inhibiranse cando non posúan a información solicitada, pero coñezan que órgano competente para resolver a posúa.

Nos casos mencionados no parágrafo anterior, remitiráselle a solicitude ao órgano que se estime competente e notificaráselle tal circunstancia ao solicitante.

3. Nos supostos nos que a información pública solicitada deba requirirse a persoas físicas ou xurídicas que presten servizos públicos ou exerzan potestades administrativas ou a contratistas da administración, a resolución sobre o acceso será ditada pola entidade á que se encontren vinculadas.

Artigo 17. Solicitude

1. O procedemento para o exercicio do dereito de acceso iniciarase coa presentación da correspondente solicitude, que se deberá dirixir ao titular do órgano administrativo ou entidade que posúa a información. Cando se trate de información en posesión de persoas físicas ou xurídicas que presten servizos públicos ou exerzan potestades administrativas, a solicitude dirixirase á Administración, organismo ou entidade dos previstos no artigo 2.1 a que se encontren vinculadas.

2. A solicitude poderase presentar por calquera medio que permita ter constancia:

a) Da identidade do solicitante.

b) Da información que se solicita.

c) Dun enderezo de contacto, preferentemente electrónico, para efectos de comunicacións.

d) Se é o caso, a modalidade que se prefira para acceder á información solicitada.

3. O solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información. Non obstante, poderá expoñer os motivos polos cales solicita a información e que poderán ser tidos en conta cando se dite a resolución. En todo caso, a ausencia de motivación non será por si soa causa de rexeitamento da solicitude.

4. Os solicitantes de información poderanse dirixir ás administracións públicas en galego ou castelán.

Artigo 18. Inadmisión

1. Inadmitiranse a trámite, mediante resolución motivada, as solicitudes:

a) Que se refiran a información que estea en curso de elaboración ou de publicación xeral. Neste caso, informarase na resolución do tempo previsto para a súa conclusión.

Referidas a información que teña carácter auxiliar ou de apoio como a contida en notas, borradores, opinións, resumos, comunicacións e informes internos ou entre órganos ou entidades administrativas.

b) Relativas a información para cuxa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración.

c) Dirixidas a un órgano en cuxo poder non conste a información cando se descoñeza o competente. Neste caso, indicarse na resolución o órgano que puidera ser competente para coñecer a información solicitada.

d) Que sexan manifestamente repetitivas ou teñan un carácter abusivo non xustificado coa finalidade de transparencia desta lei.

Artigo 19. Tramitación

1. Se a solicitude se refire a información que non conste en poder do suxeito a que se dirixe, este remitiralla ao competente, se o coñece, e informará desta circunstancia o solicitante.

2. Cando a solicitude non identifique de forma suficiente a información, pediráselle ao solicitante que a concrete nun prazo de dez días, con indicación de que, en caso de non facelo, se terá por desistido, así como da suspensión do prazo para ditar resolución.

3. Se a información solicitada pode afectar dereitos ou intereses de terceiros, debidamente identificados, concederáselles un prazo de quince días para que poidan realizar as alegacións que consideren oportunas. O solicitante deberá ser informado desta circunstancia, así como da suspensión do prazo para ditar resolución ata que se recibisen as alegacións ou transcorrese o prazo para a súa presentación.

4. Cando a información obxecto da solicitude, malia constar en poder do suxeito a que se dirixe, fose elaborada ou xerada na súa integridade ou parte principal por outro, remitiráselle a

solicitud a este para que decida sobre o acceso.

Artigo 20. Resolución

1. A resolución en que se conceda ou denegue o acceso deberáselles notificar ao solicitante e aos terceiros afectados que así o solicitasen no prazo máximo dun mes dende a recepción da solicitud polo órgano competente para resolver.

Este prazo poderase ampliar por outro mes no caso de que o volume ou a complexidade da información que se solicita así o fagan necesario e logo de notificación ao solicitante.

2. Serán motivadas as resolucións que deneguen o acceso, as que concedan o acceso parcial ou a través dunha modalidade distinta á solicitada e as que permitan o acceso cando houberse oposición dun terceiro. Neste último suposto, indícaráselle expresamente ao interesado que o acceso só terá lugar cando transcorrese o prazo do artigo 21.2 desta Ordenanza.

3. Cando a simple indicación da existencia ou non da información supoña a vulneración dalgún dos límites ao acceso, indícarase esta circunstancia ao desestimarse a solicitud.

4. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que se ditase e notificase resolución expresa, entenderase que a solicitud foi desestimada.

5. As resolucións ditadas en materia de acceso á información pública son impugnables directamente perante a xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo da posibilidade de interposición da reclamación potestativa prevista no artigo 24 da Lei 19/2013.

O incumprimento reiterado da obriga de resolver en prazo terá a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos seus responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora

Artigo 21. Formalización do acceso

1. O acceso á información realizarase preferentemente por vía electrónica, salvo cando non sexa posible ou o solicitante sinalase expresamente outro medio. Cando non se poida dar o acceso no momento da notificación da resolución deberá outorgarse, en calquera caso, nun prazo non superior a dez días.

2. Se existiu oposición de terceiro, o acceso só terá lugar cando, téndose concedido ese acceso, transcorrese o prazo para interpoñer recurso contencioso-administrativo sen que se formalizase ou fose resolto confirmando o dereito a recibir a información.

3. Se a información xa foi publicada, a resolución poderase limitar a indicarlle ao solicitante como pode acceder a ela.

4. O acceso á información será gratuíto. Non obstante, a expedición de copias ou a transposición da información a un formato diferente ao orixinal poderá dar lugar á exixencia de exaccións conforme a normativa vixente na materia.

CAPÍTULO V: REUTILIZACIÓN DA INFORMACIÓN

Artigo 22. Definición

Enténdese por reutilización o uso da información e dos documentos que obran en poder da entidade local e os seus organismos vinculados, por persoas físicas ou xurídicas, con fins comerciais ou non comerciais, sempre que dito uso non constitúa unha actividade administrativa pública.

Artigo 23. Criterios xerais para a reutilización

1. Toda a información publicada ou posta a disposición pola Entidade Local e resto de entes obrigados, e en particular a considerada como publicidade activa, será accesible e susceptible de reutilización sen necesidade de autorización previa e de xeito gratuito, salvo que nela se faga constar expresamente o contrario.

A reutilización da información estará suxeita unicamente aos límites da Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización do sector público e ao disposto na presente ordenanza nos caso no que proceda a aplicación de condicións específicas e sen prexuízo da posible esixencia de taxas e prezos públicos ou privados sobre reutilización.

Artigo 24. Réxime aplicable a documentos reutilizables suxeitos a dereitos de propiedade intelectual e dereitos exclusivos

1. A reutilización da información regulada nesta Ordenanza non se aplica aos documentos sometidos a dereitos de propiedade intelectual ou industrial especialmente por parte de terceiros.

Para os efectos desta Ordenanza enténdese por dereitos de propiedade intelectual os dereitos de autor e dereitos afíns, incluídas as formas de protección específicas.

2. A presente Ordenanza tampouco afecta á existencia de dereitos de propiedade intelectual dos entes incluídos no seu ámbito de aplicación.

3. As entidades incluídas no ámbito de aplicación da presente Ordenanza exercerán, en todo caso, os seus dereitos de autor dunha maneira que facilite a reutilización.

Artigo 25. Condicións de reutilización

1. A reutilización da información por persoas ou entidades está sometida ás seguintes condicións:

a) O contido non poderá ser alterado se leva consigo a perda do sentido e desnaturalización da información, de forma que poidan darse interpretacións incorrectas sobre o seu significado.

b) Deberase citar sempre á entidade que orixinariamente publicou a información como fonte e unha mención expresa da data da última actualización da información reutilizada.

b) Non se dará a entender de ningún modo que a entidade que orixinariamente publicou a información patrocina, colabora ou apoia o produto, servizo, proxecto ou acción no que se enmarque a reutilización, sen prexuízo de que este patrocinio, apoio ou colaboración poida existir baseándose nunha decisión ou acordo específico da citada entidade, en cuxo caso poderá facerse constar nos termos que se conteñan neste.

d) Deberanse conservar os elementos que garanten a calidade da información, sempre que iso non resulte incompatible coa reutilización a realizar.

2. A publicación ou posta a disposición de información pública leva consigo a cesión gratuíta e non exclusiva por parte da entidade que orixinariamente publica a información dos dereitos de propiedade intelectual que resulten necesarios para desenvolver a actividade de reutilización, con carácter universal e polo prazo máximo permitido pola lei.

Artigo 26. Exaccións

As entidades incluídas no ámbito de aplicación desta Ordenanza poderán esixir exaccións sobre a reutilización da información para permitir cubrir os custos do servizo ou actividade incluíndo nos ditos custos exclusivamente os relativos á súa reprodución, posta a disposición e difusión.

Artigo 27. Exclusividade da reutilización

1. Quedan prohibidos os acordos exclusivos en materia de reutilización da información. A reutilización estará aberta a todos os axentes potenciais do mercado, incluso no caso de que un ou máis dos axentes exploten xa produtos con valor engadido baseados en información do sector público. Os contratos ou acordos doutro tipo existentes que conserven os documentos e os terceiros non outorgarán dereitos exclusivos.

2. Non obstante, cando sexa necesario un dereito exclusivo para a prestación dun servizo de interese público, a entidade incluída no ámbito de aplicación desta Ordenanza revisará periodicamente e como máximo cada tres anos, a validez do motivo que xustificou a concesión do dereito exclusivo.

3. Respecto dos dereitos exclusivos relacionados coa dixitalización de recursos culturais, estarase á regulación específica da materia.

4. Todos os acordos que concedan dereitos exclusivos de reutilización serán transparentes e poranse en coñecemento do público.

Artigo 28. Modalidades de reutilización da información

1. As entidades incluídas no ámbito de aplicación desta Ordenanza clasificarán a reutilización de toda a información que obra no seu poder e que sexa publicada de acordo con algunha das seguintes modalidades de reutilización:

a) Modalidade de reutilización sen solicitude previa nin suxeición a condicións específicas. Esta será a modalidade de uso prioritaria e xeneralizada na que a información publicada ou posta a disposición será reutilizable e accesible, sen necesidade de autorización previa nin condicións específicas.

b) Modalidade de reutilización suxeita a modos de uso limitados ou a autorización previa. De forma excepcional, esta modalidade recollerá a reutilización de información posta a disposición con suxeición a condicións específicas establecidas nunha licenza-tipo ou nunha previa autorización, a cal poderá incorporar, así mesmo, condicións específicas.

2. As condicións específicas respectarán os seguintes criterios:

a) Serán claras, xustas e transparentes.

b) Non deberán restrinxir as posibilidades de reutilización nin limitar a competencia.

c) Non deberán ser discriminatorias para categorías comparables de reutilización.

d) Aplicaranse cando exista causa xustificada para iso e tralo acordo previo da entidade titular da información.

3. En todo caso, utilizarase o mínimo número posible de modos de uso limitados para regular os distintos supostos de reutilización suxeitos a condicións específicas e estes sempre estarán dispoñibles en formato dixital, aberto e procesable electronicamente. Estes modos de uso limitados poderán ser elaborados pola propia entidade, aínda que serán preferidas as de uso libre e gratuíto que gocen de ampla aceptación nacional e internacional ou aquelas que fosen consensuadas con ou por outras administracións públicas. Os modos de uso limitados serán publicados na sede electrónica.

4. As entidades incluídas no ámbito de aplicación desta Ordenanza poderán modificar o contido das condicións específicas e modos de uso limitado xa existentes, así como aplicar condicións específicas e modos de uso limitado a conxuntos de datos ou documentos que previamente non as tiveran. Estas modificacións publicaranse na páxina web e obrigarán ós reutilizadores a partir da publicación ou posta a disposición da primeira actualización dos datos ou documentos que se realice despois de que a modificación fose publicada ou, en calquera caso, transcorridos seis meses desde a dita data.

Artigo 29. Publicación de información reutilizable

1. A publicación activa de información reutilizable incluírá o seu contido, natureza, estrutura, formato, frecuencia de actualización, modalidade de reutilización, así como as condicións aplicables e, no seu caso, a exacción ós que estea suxeita a reutilización que será accesible por medios electrónicos para que os axentes reutilizadores poidan realizar a autoliquidación e pagamento.

2. As entidades incluídas no ámbito de aplicación desta Ordenanza facilitarán os seus documentos en calquera formato ou lingua en que existan previamente e, sempre que sexa posible e apropiado, en formato lexible por máquina e conxuntamente cos seus metadatos. Tanto o formato como os metadatos, na medida do posible, deben cumprir normas formais abertas. Concretamente, utilizaranse estándares clasificados na súa correspondente categoría con tipoloxía de abertos, na súa versión mínima aceptada e estado admitido seguindo o establecido na normativa técnica de interoperabilidade .

3. O apartado 2 non supón que as entidades incluídas no ámbito de aplicación desta Ordenanza estean obrigadas, para cumprir o dito apartado, a crear documentos, adaptalos ou facilitar extractos de documentos, cando iso supoña un esforzo desproporcionado que leve consigo algo máis que unha simple manipulación. Non poderá esixirse ás citadas entidades que manteñan a produción e o almacenamento dun determinado tipo de documento con vistas á súa reutilización por unha entidade do sector privado ou público.

4. Os sistemas de busca de información e documentación publicada permitirá a indicación de busca de información reutilizable.

Artigo 30. Procedemento de tramitación de solicitudes de reutilización

1. O procedemento de tramitación será o regulado nos artigo 10 da Lei 37/2007, do 17 de novembro. Será competente para resolver o superior órgano unipersoal de cada entidade.

2. O órgano competente resolverá as solicitudes de reutilización no prazo máximo dun mes desde a recepción da solicitude. Cando por volume e pola complexidade da información solicitada resulte imposible cumprir o citado prazo, poderase ampliar o prazo en quince días. Neste caso, deberá informarse ao solicitante da ampliación do prazo, así como das razóns que o xustifican.

3. No caso de que se solicite simultaneamente o acceso á información regulado na Sección III do Capítulo II desta Ordenanza e a reutilización da dita información, tramitarase conxuntamente polo procedemento establecido nesa Sección, aplicándose os prazos máximos de resolución previstos no artigo 20 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

4. Se no prazo máximo previsto para resolver e notificar non se ditase resolución expresa, o solicitante poderá entender desestimada a súa solicitude.

CAPÍTULO VI: RECLAMACIÓNS E RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 31. Reclamacións

1. As persoas que consideren que non está dispoñible unha información de carácter público que debería estar publicada, de acordo co principio de publicidade activa que preside esta Ordenanza poderá cursar queixa ante o órgano competente en materia de información pública

a través do sistema de avisos, queixas e suxestións. O dito órgano deberá realizar a comunicación correspondente nun prazo máximo de 10 días desde que se rexistrou a reclamación, ou no prazo determinado polos compromisos de calidade establecidos polo propio sistema de avisos, queixas e suxestións de ser este inferior.

2. Fronte toda resolución, acto ou omisión do órgano competente en materia de acceso á información pública, os interesados poderán interpoñer reclamación ante o Consello de Transparencia e Bo Goberno ou ante o órgano independente que de ser o caso estableza a Comunidade Autónoma de Galicia, con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e cos prazos e vías de reclamación, prazos de resolución e termos de notificación que o dito precepto establece.

Artigo 32. Infraccións

Considéranse infraccións moi graves:

- a) A desnaturalización do sentido da información cuxa reutilización estea suxeita a modos de uso limitado ou autorización previa.
- b) A alteración moi grave do contido da información cuxa reutilización estea suxeita a modos de uso limitados ou autorización previa.

1. Considéranse infraccións graves:

- a) A reutilización de documentación sen ter obtido a correspondente autorización nos casos en que esta sexa requirida.
- b) A reutilización da información para unha finalidade distinta para a que se concedeu.
- c) A alteración grave do contido da información cuxa reutilización estea suxeita a modos de uso limitado ou autorización previa.
- d) O incumprimento grave doutras condicións impostas no correspondente modo de uso limitado, na autorización previa ou na normativa reguladora aplicable.

Considéranse infraccións leves:

- a) A falta de mención da data da última actualización da información.
- b) A alteración leve do contido da información cuxa reutilización estea suxeita a modos de uso limitado ou autorización previa.
- c) A ausencia de cita da fonte de acordo co previsto nesta Ordenanza.
- d) O incumprimento leve doutras condicións impostas no correspondente modo de uso limitado, na autorización previa ou na normativa reguladora aplicable.

Artigo 33. Sancións

1. Pola comisión das infraccións recollidas neste capítulo, imponse as seguintes sancións:

a) Sanción de multa de ata 3.000 euros pola comisión de infraccións moi graves.

b) Sanción de multa de ata 1.500 euros pola comisión de infraccións graves.

c) Sanción de multa de ata 750 euros pola comisión de infraccións leves.

2. Pola comisión de infraccións moi graves e graves recollidas, ademais das sancións previstas nos parágrafos a) e b), poderase sancionar coa prohibición de reutilizar documentos sometidos a autorización ou modo de uso limitado durante un período de tempo entre 1 e 5 anos e coa revogación da autorización ou modo de uso limitado concedida.

3. As sancións graduaranse atendendo á natureza da información reutilizada, ao volume da dita información, aos beneficios obtidos, ao grao de intencionalidade, aos danos e perdas causados, en particular aos que se refiren á protección de datos de carácter persoal, á reincidencia e a calquera outra circunstancia que sexa relevante para determinar o grao de antixuridicidade e de culpabilidade presentes na concreta actuación infractora.

Artigo 34. Réxime xurídico

1. A potestade sancionadora exercerase, en todo o non previsto na presente Ordenanza, de conformidade co disposto no título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. O réxime sancionador previsto nesta Ordenanza enténdese sen prexuízo da responsabilidade civil ou penal en que puidera incorrerse, que se fará efectiva de acordo coas correspondentes normas legais.

Artigo 35. Órgano competente

Será competente para a imposición das sancións por infraccións cometidas contra as disposicións da presente Ordenanza o órgano que resulte do disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Artigo 36. Réxime disciplinario

O incumprimento das disposicións desta Ordenanza no ámbito da transparencia e o acceso á información, polo persoal ó servizo da Entidade Local será sancionado de conformidade co disposto nos artigos 9.3 e 20.6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e na normativa de carácter disciplinario.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA: Medidas de ejecución

Trala entrada en vigor da presente Ordenanza, levarase a cabo a adecuación das estruturas organizativas para a súa execución. Para tal efecto, a Entidade Local iniciará o correspondente proceso de redeseño interno e de revisión do regulamento orgánico, así como cantas disposicións, circulares ou instrucións internas puidesen resultar afectadas pola norma, ditando as instrucións precisas para a súa adaptación.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA: Entrada en Vigor

A presente ordenanza entrará en vigor de acordo co establecido nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia

ANEXO I:

PUBLICACIÓN ACTIVA DE INFORMACIÓN

a) INSTITUCIÓN, ORGANIZACIÓN, PLANIFICACIÓN E PERSOAL

- Competencias e funcións (Propias e Delegadas)
- Normativa de aplicación
- Datos básicos de órganos descentralizados, entes instrumentais e sociedades municipais, así como os enlaces as súas Webs.
- Organigrama descritivo da estrutura organizativa (Sede, composición e competencia) con identificación do perfil e traxectoria profesional dos responsables
 - Órganos decisorios
 - Órganos consultivos
 - Órganos de participación
 - Órganos de xestión
- Estrutura administrativa da entidade, con identificación dos máximos responsables de cada unidade co nivel mínimo de sección.
- Plans, mapas estratéxicos e programas anuais e plurianuais con seguintes contidos:
 - Obxectivos concretos
 - actividades
 - Medios
 - Prazo de execución
 - Grao de cumprimento e resultados (avaliación periódica)
 - Indicadores de valoración

- Relacións de postos de traballo, catálogos ou outros instrumentos de planificación de persoal do concellos e os seus órganos descentralizados, entes instrumentais e sociedades municipais.
- Resolucións de autorización ou recoñecemento de compatibilidade que afecten aos empregados públicos.
- A oferta de emprego público ou outros instrumentos similares de xestión da provisión de necesidades de persoal.
- Masa salarial do persoal laboral (Artigo 103 bis Lei 7/1985)
- Número de postos de traballo reservados a persoal eventual (Artigo 104 bis Lei 7/1985)
- Os procesos de selección e provisión de postos de traballo.
- A identificación das persoas que forman parte dos órganos de representación do persoal.

b) ALTOS CARGOS E PERSOAL DIRECTIVO

- Retribucións anuais dos cargos electos.
- Indemnizacións percibidas por abandono do cargo público.
- Resolucións que autoricen o exercicio de actividade privada como motivo do seu cese.
- Declaracións anuais de bens e actividades dos cargos electos.
- Datos biográficos do Alcalde/sa e concelleiros/as.
- Direccións electrónicas do Alcalde/sa e concelleiros/as.
- Axenda institucional do Alcalde/sa.
- Relación individualizada dos cargos de confianza do concello e o importe individual ou colectivo das súas retribucións.

c) XURÍDICA E PATRIMONIAL

- Ordenanzas, regulamentos e disposicións de carácter xeral.
- Texto dos Proxectos de ordenanzas, regulamentos e outras disposicións de carácter normativo incluíndo as memorias e informes contidos no expediente.
- Directrices, instrucións, acordos, circulares ou respostas a consultas formuladas polos particulares ou outros órganos na medida en que supoñan unha interpretación do Dereito ou teñan efectos xurídicos.
- Documentos que deban ser sometidos a un período de información pública durante a súa tramitación.
- Ordes do día previas dos Plenos Municipais e actas íntegras
- Acordos da Xunta de Goberno
- Informes internos dos órganos de asesoramento xurídico e da intervención, unha vez que sexan definitivos
- Resolucións xudiciais que afecten ao concello
- Relación de bens inmoebles que sexan da súa propiedade ou sobre os que ostenten algún dereito real.
- Relación detallada de vehículos oficiais (propios ou en aluguer) adscritos ao concello

d) CONTRATACIÓN, CONVENIOS E SUBVENCÍONS

- Perfil do contratante no que se indique:
 - Contratos formalizados con indicación de:
 - Obxecto
 - Importe de licitación e de adxudicación
 - Duración, con expresión das prórrogas
 - Procedemento utilizado para a súa celebración
 - Instrumentos de publicidade
 - Número de licitadores participantes no procedemento e identidade do adxudicatario

- Modificacións e as decisións de desistimento e renuncia dos contratos

- Composición, forma de designación e convocatorias das mesas de contratación
- Actas das Mesas de contratación
- Listado e contías das operacións cos provedores, adxudicatarios e contratistas máis importantes do concello
- Proxectos, pregos e criterios de licitación das obras públicas
- Modificacións dos proxectos de obras máis importantes
- Listado de empresas que concorran á licitación de obras públicas
- Nome das empresas que realizaron as obras públicas máis importantes
- Datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público.
- Relación dos convenios subscritos con indicación de:
 - Partes asinantes
 - Obxecto
 - Duración
 - Modificacións
 - obrigados á realización das prestacións
 - Obrigas económicas
- Encomendas de xestión con indicación de:
 - Obxecto
 - Orzamento
 - Duración
 - Obrigas económicas
 - Subcontratacións que se realicen con mención de:
 - Adxudicatarios
 - Procedemento de adxudicación
 - Importe
- Subvencións e axudas públicas concedidas con indicación de:
 - Importe
 - Obxectivo ou finalidade
 - Beneficiario

e) ECONÓMICA, FINANCEIRA E ORZAMENTARIA

- Orzamentos anuais do concello e órganos descentralizados, entes instrumentais e sociedades municipais con descrición de:
 - Principais partidas orzamentarias
 - Estado trimestral de execución
 - Modificacións orzamentarias

- Cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira
- Liquidación do orzamento.
- Contas anuais rendidas e informes de auditoría de contas e fiscalización emitidos por parte dos órganos de control externo
- Ratios orzamentarios
 - Autonomía Fiscal
 - Capacidade ou necesidade de financiamento en termos de estabilidade orzamentaria
 - Ingresos fiscais por habitante
 - Gasto por habitante
 - Inversión por habitante
 - Infraestruturas por habitante
 - Proporción ingresos urbanísticos/Ingresos Totais
 - Período medio de cobro
- Informes trimestrais relativos ás medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais de pago a provedores.
- Débeda pública municipal consolidada e a súa evolución en comparación con exercizos anteriores
- Custo efectivo dos servizos prestados polas entidades locais (Orde HAP/2075/2014, do 6 de novembro)

f) SERVIZOS E PROCEDEMENTOS

- Catálogo dos servizos prestados con descrición de:
 - Sede
 - Equipamento
 - Enderezos e canles de contacto
 - Horario de atención
 - Contido
 - Disponibilidade
 - Formas de prestación
 Procedemento para presentar queixas ou suxestións sobre o seu funcionamento
- Cartas de servizos e outros documentos de compromisos de niveis de calidade estandarizados cos cidadáns
- Grao de cumprimento a través de indicadores de medida e valoración.
- Catálogo dos procedementos administrativos da súa competencia con indicación de:
 - Obxecto
 - Formas de iniciación



- Documentación necesaria
- Trámites
- Normativa aplicable
- Prazos de resolución e sentido do silencio administrativo
- Instancias e formularios que teñan asociados, especificando os que son realizables vía electrónica.

g) URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

- Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOM) e mapas e planos que o detallan, así como as súas modificacións
- Plans parciais aprobados
- Convenios urbanísticos do concello e as actuacións urbanísticas en execución
- Información sobre usos e destinos dos solos
- Políticas, programas e plans da Entidade Local relativos ao medio ambiente e informes de seguimento deses.
- Estudos de impacto ambiental, paisaxísticos e avaliacións do risco relativos a elementos medioambientais de infraestruturas e servizos de titularidade local.
- Situación medioambiental (contaminación do aires e acústica) no concello.

2º.-Someter o expediente a información pública e audiencia aos interesados mediante anuncio que se publicará no BOP e no taboleiro municipal polo prazo de 30 días para presentación de reclamacións e suxerencias.

3º.-No suposto de que se presenten reclamacións será competencia do Pleno sua resolución. No caso de non presentarse ningunha rexclamación ou sixerencia se entederá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional,debendo publicarse o texto íntegro no BOP para que unha vez transcurrido o prazo de 15 días dende a sua publicación, entre en vigor a presente ordenanza.-



2º.-“CÓDIGO ÉTICO E DE BO GOBERNO

O Congreso dos Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa aprobou o Código Europeo de Conduta para a Integridade Política dos Representantes Locais Electos, que avoga pola creación de códigos éticos como instrumentos para poder aumentar a confianza entre os políticos e os cidadáns.

O mesmo Congreso dos Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa nas súas recomendacións 60 e 86, aprobadas no ano 1999, inspira ois comportamentos das autoridades locais en relación coa ética política.

No mesmo sentido apunta a Axencia de Budapest e a Conferencia de Ministros Europeos responsables das institucións locais e rexionais na súa declaración de Valencia (15 e 16 de outubro de 2007) sobre a participación democrática e a ética pública a nivel local e rexional, lembrando a utilidade dos manuais de boas prácticas e a ética pública nos gobernos locais.

O exercicio da actividade político-administrativas e a xestión dos recursos políticos require, como demandan os cidadáns, ir máis aló do estricto cumprimento da legalidade vixente.

É preciso garantir no proceder dos cargos electos e persoal da administración pública un comportamento ético, exemplar e honorable.

Os principios que deben inspirar as actuacións e as decisións dos nosos representantes e servidores na administración local son:

- sentido da responsabilidade.
- vontade de servizo público.
- transparencia.
- eficacia;
- e dedicación plena ás súas funcións.

Resulta axeitado plasmar eses principios de referencia, comunmente recoñecidos e asumidos, nun código ,expreso que sirva como referencia para situacións concretas.

Por todo o dito se presenta o seguinte Código Ético e de Bo Goberno:

Artigo 1.- Lealtade institucional.

A súa conducta nunca debe prexudicar a imaxe ou reputación institucional do concello no que de senvolve o seu labor.



Artigo 2.- Respecto e consideración.

En todo momento e situación deberá tratar con respecto debido ás demais persoas, atendendo aos cidadáns con corrección e cortesía, e escoitando activamente as súas propostas, queixas e suxestións.

Garantirán un trato igualitario a todos os cidadáns, entidades, empresas e organizacións, promovendo desde o seu posto a equidade e a igualdade.

Artigo 3.- Confidencialidade.

Non revelará e manterá reserva da información nos casos nos que a Lei esixa confidencialidade ou canto as decisións que poidan afectar aos dereitos de terceiras persoas, sempre que non contraveña as obrigas de publicidade contidas na Lei de Transparencia.

Artigo 4.- Conflito de intereses.

Deberá absterse de calquera actividade privada ou interese con terceiros que poida condicionar a súa actividade ou conlevar conflitos de intereses co seu posto público.

Se de calquera xeito xurdiran ese tipo de conflitos, xa sexa coa súa persoa ou coa súa contorna familiar, deberá poñelo en coñecemento dos órganos de Goberno do concello e, no caso de que a houbera, da Comisión Ética municipal.

Deberá facer público sempre, á hora de someter unha decisión a votación, os potenciais choques do seu propio interese co interese público, e absterse naquelas votacións nas que teña interese persoal directo ou indirecto.

O cargo electo deberá absterse durante os tres anos seguintes ao remate do seu mandato de desempeñar responsabilidades renumeradas nas empresas (ou nos grupos aos que pertencen esas empresas) que tiveran contratado co Concello ao longo do mencionado período.

Artigo 5.- Abuso de posición

Non utilizará nunca o seu posto para obter vantaxes para si mesmo, para outras persoas, institucións ou empresas, agás nos supostos de discriminación positiva recoñecidos legalmente, Tampouco poderá adoptar decisións ou aprobar directrices que prexudiquen a terceiras persoas, nin usarán a súa prerrogativas para axilizar procedementos, exonerar de cargas ou outorgar beneficios a terceiras persoas, agás nos casos que se refiran á defensa dos intereses municipais.

Artigo 6.- Intereses partidarios.

En ningún caso o desempeño de cargos en órganos executivos ou de dirección de partidos políticos condicionarán ou menoscabarán o exercicio das súas funcións.



Artigo 7.- Toma de dedicións.

Deberá xustificar con razóns obxectivas e motivar de xeito razoable todas as súas decisións, tomando en consideración todas as opinións e consellos, informes e estudos.

En caso de dúbida sobre a adecuación desa decisión ao presente Código, deberá consultar en caso de que a houbera, á Comisión Ética municipal.

Artigo 8.-Xestión dos recursos.

Xestionarán con eficiencia e racionalidade os recursos públicos e en ningún caso empregarán bens públicos para intereses privados.

Os cargos electos non incorrerán nun endebedamento que non poda ser sustentado polo Concello ou que supoña unha hipoteca insoportable para as persoas que lle sucedan no cargo.

Artigo 9.- Adxudicación e contratación.

Nos pliegos das contratacións/adxudicacións incluírase un modelo de declaración que suscribirán os licitadores, no que recoñecen a existencia do presente Código e se declararan coñedores do seu contido.

Artigo 10.- Selección de persoal.

Non se poderá influir, nin proporcionar información algunha aos aspirantes nos procesos selectivos, nos que será obrigatorio absterse de formar parte dun tribunal cando se participe en tarefas preparatorias de candidatos aos mesmos postos.

Artigo 11.- Publicidade e transparencia.

A transparencia guiará en todo momento a súa actuación, coas únicas excepcións dos supostos recollidos no artigo 3 deste Código.

Durante o período de campaña electoral dos comicios municipais, os cargos electos absteranse de publicar nos medios de comunicación o inicio, desenvolvemento ou remate de obras, proxectos ou servizos públicos.

Sempre que os medios humanos e técnicos o permitan, e cando sexa posible, o Concello retransmitirá en tempo real a través da súa páxina web as sesións plenarias, as reunións de Xunta de Goberno e os actos de aperturas de pliegos nos procesos de contratación.

Considerando que as páxinas web son hoxe en día os instrumentos para a publicidade das actuacións e decisións dos gobernos municipais, deberá actualizar periódicamente os contidos da do Concello, nomeadamente, os esixidos no capítulo de publicidade activa pola Lei de Transparencia, que parecen, recollidos na ordenanza-tipo deste Plan.



Artigo 12.- Inauguracións.

Queda prohibido colocar placas en obras públicas en nome de persoas e colocar símbolos o emblemas inaugurais co nome das persoas do equipo de Goberno do Concello incluído o alcalde.

Durante o período de campaña electoral dos comicios municipais, ningún cargo electo poderá realizar actos inaugurais de obras, proxectos ou servizos públicos, con independencia de que poidan entrar en funcionamento nese período.

Artigo 13.- Agasallos.

Non poderá ofrecer, conceder, solicitar ou aceptar, directa ou indirectamente, agasallos, dádivas, favores ou compensacións, en metálico ou en especie, nin para si mesmos, nin para o seu círculo familiar inmediato, que poidan influir no proceso de toma de decisións.

Quedan excluídos de tal consideración, e polo tanto están permitidos, os agasallos ou atencións, institucionais e de cortesía, dentro dos usos e costumes habituais, carácter que perderán nos casos de reiteración ou irregularidade por parte da mesma persoa física ou xurídica.

Calquera agasallo que exceda as características do anterior apartado, deberá ser devolto e comunicada esa circunstancia á Comisión de Ética, se a houbera, conforme ao formulario-tipo de devolución que figura no Anexo I do presente Código.

De non ser posible, polas circunstancias que sexan, a devolución do agasallo, este será entregado no departamento de Tesoureiría do Concello, que emitirá un recibo e que o destinará a fins sociais.

Artigo 14.- Recursos materiais.

Comprométese a facer un uso responsable dos medios e/ou recursos materiais da entidade local, que serán devoltos ao Concello cando remate a vinculación laboral coa institución.

Non empregará medios e/ou recursos materiais para fins distintos aos da finalidade do posto que mocene na entidade.

Os carnés, distintivos, credenciais ou tarxetas de identificación serán de uso persoal e intransferible e deberán ser devoltos ao Concello cando remate a súa vinculación laboral coa institución.

Non poderá utilizar vehículos do parque móbil do Concello para desprazamentos que non estean relacionados coas funcións correspondentes ao seu posto.

Artigo 15.- Viaxes.

Non poderá realizar viaxes con cargo dos Orzamentos do Concello que teñan por obxecto fins distintos aos relacionados co seu posto de traballo ou que non sexan para acudir a actos institucionais en representación do consistorio.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

As viaxes dos cargos electos ao exterior da comunidade autónoma de Galicia e os gastos que conlevan para o Concello se rexirán polos principios de proporcionalidade e necesidade.

As comitivas de acompañamento e gastos de protocolo dos cargos electos nas viaxes ao exterior da Comunidade autónoma de Galicia con cargo aos Orzamentos do Concello serán os estrictamente necesarios para a consecución dos fins ou obxectivos do despramento.

Os cargos electos estarán obrigados a dar conta dos obxectivos das viaxes con cargo aos Orzamentos do Concello na sesión plenaria ou reunión da Xunta de Goberno inmediatamente anterior ao seu comezo; e deberá explicar os seus resultados na sesión plenaria ou reunión da Xunta de Goberno inmediatamente posterior á viaxe.

Os gastos ocasionados polas viaxes dos cargos eletos deberán ser referidos nun informe anual que seberán entragar á totalidade dos grupos políticos con representación no consistorio. É aconsellable que, sempre que existe a posibilidade, ese informe anual que recolle os gastos das viaxes sexa publicado na páxina web do Concello ao longo do primeiro mes do seguinte exercicio para coñecemento dos cidadáns.

Desde a convocatoria e ata a celebración das eleccións municipais, os cargos electos só poderán realizar viaxes ao exterior da comunidade autónoma de Galicia en casos de compromisos de carácter nacional ou internacional ineludibles.



ANEXO I

Formulario de devolución en aplicación do artigo 13 do Código Ético e do Bo Goberno do Plan de Transparencia e Bo Goberno da Fegamp.

Nome

.....Data...../...../.....

Estimado/a.....

Agradézolle expresamente a mostra de atención recibida pola súa banda o pasado
.....de.....de.....

Non obstante en aplicación do Código Ético e de Bo Goberno aprobado pola Fegamp.,ao que se adheriu o meu Concello, e que establece os criterios en caso de recepción de agasallos, é a miña obriga como servidor/a público declinar dita intención e proceder á súa efectiva devolución.

Reiterando unha vez máis o meu agradecemento persoal e agardando que compreda esta posición.

Reciba un cordial saúdo.

Asinado



ANEXO III

Código Ético e de Bo Goberno do Plan de Transparencia e Bo Goberno da Fegamp

Comunicación de adhesión

O abaixo asinante, en representación da miña entidade local, manifesto a adhesión ao Código Ético e do Bo Goberno do Plan de Transparencia e Bo Goberno da Federación Galega de Municipios e Provincias, adoptando por Acordo de Pleno.....O día/...../....., co compromiso de cumprir as súas disposicións e acadar os fins e obxectivos para os que foi elaborado.

Nome da entidade local:

Nome do alcalde/presidente

Datae lugar

O alcalde.

D.....

.....Secretario de

.....

Certifica: Que, en sesión plenaria celebrada o día/...../....., adoptou, entre outros, o seguinte acordo:



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

A proposta deo pleno,acorda adherirse ao Código Ético e de Bo Goberno, incluído no Plan de Transparencia e Bo Goberno promovido pola Fegamp.

Para que conste e surta os efectos oportunos, expido a presente certificación a

Vª Bª do Alcalde. O Secretario”.

En consecuencia coas votacións reflectidas mais arriba, con respecto ao apartado nº 8.-

- O PLENO DA CORPORACIÓN ACORDA.

Aprobar a Proposta da Alcaldía de adhesión ao Código Ético e do Bo Goberno do Plan de Transparencia do Goberno para as Entidades Locais da FEGAMP, do teor:

-Manifestar a súa vontade de adhesión ao Código Ético e de Bo Goberno incluído no Plan de Transparencia e Bo Goberno da Fegamp, de acordo co seu procedemento de adhesión e cumprir o seu articulado.

9.-Proposta da Alcaldía do 9-11-15 de aprobación do convenio de colaboración coa “Asociación Cultural Os Muiños de Oliveira”, para o desenvolvemento de actividades.

Visto o dictame da comisión de Facenda do 11-11-15.

Visto informe do interventor do 09-11-15.

O SR. ALCALDE da conta da proposta de aprobación do convenio de colaboración coa Asociación Cultural Os Muiños de Oliveira, para o desenvolvemento das súas actividades, de data 9-11-15.

A Asociación ten maior número de gastos con respecto a outras asociacións culturais.

O SR. COSTAS VILA, non temos inconvincente, pero deben establecerse unhas bases para ver a cales se lle pode dar ou non.

A dedo non. O propio informe do interventor vai nesa liña.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, apoiamos a proposta.

Na comisión se falou do incremento abusivo do IBI, está claro que hai centros culturais que non son públicos.

Non quero que non quede dúbidas porque se lle dan 3.000 euros.

Temos inmobles en parroquias que non teñen outro lugar de reunión.

Solicitamos xunta de voceiros, onde expuxemos o problema.

A cuestión de hoxe, non ten encaixe, pero realizan actuacións para a parroquia (agora teñen que pagar o IBI con atrasos de 3 anos).

Non teñen capacidade económica.

Fan actividade pública.

Apoiamos ao goberno neste tema. Decir que eles neste caso perden dereitos (teñen que facer actuacións, pandereteiras, rancho de Reis...)

Estamos a favor de todo o que sexa axuda aos colectivos que non entran nos outros casos.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, se nos convocou a xunta de voceiros, se nos entregou un modelo, non nos volveu a convocar ata a comisión informativa.

Fale co ORAL, hai outro tipo de convenios.

O interventor fai constar que non hai informe do asesor xurídico.

Imonos a abster.

O SR. ALCALDE, foi elaborado polo asesor xurídico.

Ao Sr. Costas decirlle, non hai discriminación, teñen maiores gastos que os centros municipais. De xeito que cando se aborden as axudas culturais este colectivo coas bases que se aproben, poderán presentarse.

Decirlles que na cláusula 1ª e na 3ª hai un matiz de redacción, onde di “os *vindeiros doce meses*”, *debe decir “o vindeiro ano 2016”*, o dí o interventor.

Se non hai problema se somete a votación.

Da lectura a proposta de acordo do 9-11-15.

VOTACION.-13 votos a favor (5 BNG, 4 PSOE, 2 ACIP, 1 EU, e 1 ARDT). 7 abstencións do PP.

Na sua consecuencia a Corporación Municipal acorda:

1-Aprobar o proxecto de convenio de colaboración entre o concello de Ponteareas e a Asociación Cultural “Os Muiños de Oliveira”, para desenvolvemento das actividades que constituen o seu obxecto, do teor:

“REUNIDOS

Dunha parte, Don Xosé Represas Giráldez, Alcalde de Ponteareas, quen comparece en nome e representación do Concello;

e, de outra, Dona ... , con DNI ... , presidenta da Asociación Cultural “Os Muiños de Oliveira”, quen comparece en nome e representación da mesma.

EXPOÑEN

I. Que a Asociación Cultural “Os Muiños de Oliveira, vén desenvolvendo dende hai máis de doce anos as actividades propias do seu obxecto na parroquia de Santiago de Oliveira, deste Concello de Ponteareas.

II. Que o antedito labor vén a satisfacer necesidades propias (culturáis, sociais e de lecer) da poboación da antedita parroquia que o Concello non pode satisfacer cos seus propios medios, motivo polo cal o desempeño da Asociación resulta fundamental para garantir as maiores cotas de benestar á poboación referida.



III. Que, en base ao antedito, resulta primordial para o Concello que se manteña o funcionamento da Asociación Cultural “Os Muiños de Oliveira” e que siga a desenvolver as labores antes referidas. E que, en orde a colaborar activamente coa Asociación no cumprimento dos fins que lle son propios, entende oportuna a suscripción do presente **CONVENIO DE COLABORACIÓN**, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Asociación Cultural “Os Muiños de Oliveira”, en virtude do presente convenio, obrígase ante o Concello de Ponteareas a desenvolver as seguintes actividades durante o vindeiro ano 2016.

- Actividades culturais ao longo do ano relacionadas cos ciclos estacionais.
- Escola de baile tradicional, de pandereta e gaita cos correspondentes grupos de baile galego, rancho de reis de grupos de gaitas
- Actividades sociais para os maiores da parroquia de Santiago de Oliveira e de outras zonas do Concellom, lindantes con esta parroquia

SEGUNDA.- Dentro do mesmo prazo de tempo, a Asociación Cultural “Os Muiños de Oliveira” cederá o uso das súas instalacións a terceiros, a petición do Concello, e para que nas mesmas se desenvolvan outras actividades de interese cultural e social en beneficio da poboación do Concello e, en particular, da parroquia de Santiago de Oliveira

TERCEIRA.- O Concello, en apoio do funcionamento da Asociación, e dadas as actuais circunstancias económicas e xa que logo as dificultades para captar recursos, contribuirá ao mantemento da mesma durante o vindeiro ano 2016 coa aportación dunha cantidade a fondo perdido de **3.300,00 Euros**.

CUARTA.- En calidade do seu representante, o Concello designará un terlocutor para o seguimento da execución do presente convenio.

QUINTA.- O pago da aportación económica que o concello compromete a través do presente convenio farase efectiva na c/c número xxxxxxxxxxxxxxxx, previa presentación por parte da Asociación Cultural “Os Muiños de Oliveira”, dunha memoria económica xustificativa dos gastos



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

devengados na execución do obxecto do presente convenio, acompañados dos correspondentes xustificantes de gasto.

Asimismo, se incorporará os xustificantes para o pago, un informe emitido polo/a responsable municipal de seguimento do convenio, designado conforme á cláusula anterior, acreditativo de terse cumprido o seu obxecto.

SEXTA.- O inicio da execución do presente convenio, queda condicionado a exectividade dos recursos municipais comprometidos para a súa financiación, o cal se entende producido unha vez adquiren carácter executivo as dotacións económicas consignadas no presuposto municipal para o ano 2016 efectuadas a tal finalidade.

SEPTIMA.- O concello resérvase o dereito a fiscalizar o cumprimento por parte da Asociación Cultural "Os Muiños de Oliveira" das obrigas que lle incumben en base ao presente convenio, así como a interpretar unilateralmente calquera dúbida que puidese xurdir verbo da súa literalidade".-

2.-Facultar ao Sr. Alcalde para a súa sinatura.-

3.-Comprometer o gasto por importe de 3.300,00 euros para a financiación do referido convenio a imputar o Presuposto municipal para o exercicio económico do 2016.-

-Dar traslado a Intervención.

10.-MOCIÓNS.-

10.a)-Moción presentada por A Riada do Tea o 8 de outubro de 2015 (registro nº 8256), para declarar Ponteareas como "Vila Antitaurina".

Visto o dictame da comisión informativa do 14-10 de 2015. de Réxime Interior-

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, penso que o mais importante e a parte académica, en que valores podemos educar a nosos fillos.

Da conta da moción do teor:

"En Galicia existe un consenso social para prohibir as corridas, máis non existe o apoio político suficiente. A maioría da sociedade galega rexeita estas prácticas que supoñen un maltrato innecesario e provocan un sufrimento ó animal que resulta intolerable.

Pese a que Ponteareas, é un municipio que non ten tradición taurina e o Concello non ten atribucións para prohibir os touros na vila, si pode contribuír á erradicación destes prácticas. Para isto, temos que mostrar publicamente dende as institucións o noso rexeitamento a estes "espectáculos" de natureza cruel.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Por estes motivos, cómpre a declaración de Ponteareas como vila antitaurina, co obxecto de promover a protección dos animais. Esta declaración de intencións debe vir acompañada dunha serie de requisitos que son competencia do Concello: non apoiar publicamente as corridas de touros, non outorgar licencias para celebrar espectáculos en espazos públicos nin cedelos apra levar a cabo actividades relacionadas con estes e evitar o recoñecemento institucional daquelas persoas que contribúan nestas actividades.

Por todo o exposto, A Riada do Tea PROPÓN ó Pleno da Corporación Municipal a adopción das seguintes

PROPOSTAS

1. Declarar Ponteareas como “vila antitaurina” e, por conseguinte, levar a cabo as seguintes accións:

- evitar apoiar corridas de touros dende o Concello de Ponteareas.
- non dar licencias para a celebración de espectáculos taurinos en espazos públicos.
- non ceder espazos públicos para actividades relacionadas cos touros.
- evitar calquera recoñecemento cara aquelas persoas relacionadas coa tauromaquia.”

O SR. COSTAS VILA, aquí non hai tradición de touradas, pero ten especial relevancia, o PP quere aprobar outra cousa.

A favor, dado que pola súa crueldade coas prácticas cos animais, estas están destinadas a desaparecer.

A SRA. GONZÁLEZ APARICIO, é asunto de polémica dende o 2012, é unha cultura contra a tortura animal.

A ACIP, non nos cabe dúbida que as correntes cidadáns temos que ter en conta, o que a sociedade demanda, pero noutras zonas a tauromaquia é un negocio, si isto aquí fora negocio, esta moción sería debatida doutro xeito.

Dende fai séculos se desataron críticas, agora os xovenes teñen outra visión disto.

ACIP vota a favor.

O SR. MARQUEZ CASTRO, o PSOE está de acordo, pero pensamos que o 3º punto parece un pouco ambiguo, debe engadirse “de lidia”.

A SRA. CARRERA BLANCO, o BNG vota a favor.

O SR. GONZALEZ SOLLA, o PP se abstén.

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, ao Sr. Marquez Castro, decirlle que sí pode engadirse “de lidia”.

O SR. COSTAS VILA, na propia moción do “vila antitaurina”, debía decir “vila antitourada”.

O SR. ALCALDE, somete a votación a moción co engadido ao final do 3º parágrafo da proposta de acordo “de lidia”.

VOTACION.-13 votos a favor (5 BNG, 4 PSOE, 1 ARDT, 2 ACIP, 1 EU), 7 abstencións do PP.
Na súa consecuencia acordase:



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

1. Declarar Ponteareas como “vila antitaurina” e, por conseguinte, levar a cabo as seguintes accións:

- evitar apoiar corridas de touros dende o Concello de Ponteareas.
- non dar licencias para a celebración de espectáculos taurinos en espazos públicos.
- non ceder espazos públicos para actividades relacionadas cos touros de lidia.
- evitar calquera recoñecemento cara aquelas persoas relacionadas coa tauromaquia.”

10.b)-Moción presentada por A Riada do Tea o 8 de outubro de 2015 (registro nº 8257), para prohibir a instalación de circos de animais en parcelas municipais.

Visto o dictame da comisión informativa de Réxime Interior do 14 outubro de 2015.

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, da conta da moción do teor:

“A día de hoxe, está prohibida a instalación de circos con animais en vinte concellos galegos: Vigo, Ourense, Lugo, Cangas do Morrazo, Sanxenxo, Nigrán e Redondela, entre outros. Está comprobado cientificamente que os animais salvaxes que viven en cautividade e participan neste tipo de espectáculos sofren grandes niveis de estrés. Isto prexudica notablemente a saúde dos animais e pode supoñer un risco para as persoas, xa que os animais poden ter reaccións incontrolables.

Os animais circenses non teñen a posibilidade de levar a cabo as condutas propias da súa especie e non poden satisfacer as súas necesidades básicas, xa que non habitan no ambiente axeitado. As gaiolas e os espazos pechados nos que se atopan carecen dos estímulos que estes precisan para desenvolverse dun xeito natural. A esta realidade, súmanse os olores e as luces ás que se ven expostos, as superficies artificiais ou os constantes ruídos que hai no ambiente. En resumo, as condicións de vida deste s animais son unha fonte de malestar que produce alteracións no seu comportamento.

Na actualidade, existen circos e espectáculos de distintas temáticas que constitúen unha boa alternativa de ocio ós espectáculos con animais. Estas actuacións contribúen a conservar as tradicións dos circos sen provocar o sufrimento de ningún animal. Deste xeito, o público infantil que asiste ós espectáculos non se acostuma a ver como natural as actuacións forzadas dos animais, as súas reducións ou movementos causados a base de lategazos ou golpes, etc.. actitudes que promoven o maltrato animal, acentúan a crenza de que son seres inferiores e estenden a idea de que temos dereito a dominalos e a privalos da súa liberdade.

A lexislación actual non concede, ás administracións locais, a competencia de prohibir os circos cos animais, sen embargo, pódese impedir que utilicen parcelas municipais. Deste Xeito, o Concello contribuiría ó benestar e á protección dos animais.

Por todo o exposto, A Riada do Tea PROPÓN ó Pleno da Corporación Municipal a adopción da seguinte

PROPOSTA: A prohibición de que as caravanas e as carpas con animais se instalen en parcelas municipais co obxectivo de garantir a seguridade da veciñanza e a protección dos animais.”



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. COSTAS VILA, comparto o dito polo Sr. Troncoso pero pido que o goberno explique o acontecido estes días de sí o circo tiña ou non permiso da Xunta. Decir que dito circo tamén tiña un cable que cruzaba a vía pública.

Tamén si o goberno apoia a concentración que houbo diante do circo, e na cal a policía local identificou a persoas, aparte de ameazalas, só faltaría que foran multadas.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, ACIP apoia a moción, como dixo o Sr. Costas que se aclare o tema.

Os circos que veñen aquí se instalan en terreos privados, onde non temos competencias, e teñen permiso da Xunta. Levan anos así, pero nos caben dúbidas do dito polo Sr. Costas.

Ausentase á Sra. González Aparicio, incorporándose nuns intreos.

O SR. LAGO MORIÑA, dende o PSOE, de acordo.

É certo que no cartel colocado polo circo houbo unha sorpresa “colaboración do concello”, non sabemos nada.

Manifestación: ¿permiso?, hai que pedir autorización.

A SRA. FERNANDEZ DAVILA, os animais son considerados bens mobles, obxectos de propiedade. Polo contrario son capaces de sentir, sufrir, disfrutar da vida, ter experiencias agradables e evitar o seu sufrimento e a morte.

Asistir a circos sí, pero sen animais exprimidos.

Aínda que os espectáculos non sexan violentos, para os animais son unha cadea perpétua e traballos forzados.

A imaxe para os nenos é alonxada da realidade.

Cada vez hai máis xente consciente de que os animais salvaxes non deben estar en circos nin en gaiolas, senón no seu hábitat natural.

Pódese entreter no circo sin necesidade de que haxa animais.

Moitos circos son clientes habituais das mafias adicadas ao tráfico animal. En Barcelona están prohibidos os circos que exhiban animais exóticos. Tamén nos países do norte de Europa.

O prestixioso Circo do Sol non utiliza animais,

Apoio do BNG.

O SR. SAMPEDRO FERNÁNDEZ, o PP a favor, xa nos non permitíamos que se instalaran en terreos públicos, se fai en privados.

Os do circo din “acordo verbal co concelleiro de Cultura e do Sr. González Solla”, nunca nos puxemos en contacto con eles.

Os da empresa dixeron non en contacto con nos, pero fan esa práctica noutros concellos.

O SR. ALCALDE, aclarar, cando miramos na publicidade do circo “colaboración do concello”, abriúselle expediente, e o que decíamos foi o que manifestou o representante da empresa verbalmente que dixo apelidos de vostede e do Sr ex-Alcalde.

Un dos motivos do expediente, se lle requeriu a documentación que non presentara, ten que contar coas pertinentes autorizacións. Tiña autorización da Xunta pero non era para esa data concreta.

Non autorizamos o circo.

O fixeron, terán que asumir responsabilidades.

Se dará conta cando se remate o expediente.

Non sei casos concretos de identificacións, a policía pode decidir o que procede, pero non teño coñecemento máis alá que a identificación de persoas.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

A SRA. FERNANDEZ SOAGE, engadir que a policía comunica que a manifestación se desenvolveu sen altercados.
Non tivo ningunha consecuencia.

VOTACION.-20 votos a favor, unanimidade a favor dos membros presentes.
Na súa consecuencia a Corporación municipal acorda:

A prohibición de que as caravanas e as carpas con animais se instalen en parcelas municipais co obxectivo de garantir a seguridade da veciñanza e a protección dos animais.”

Ás 21,55 horas faise un receso de 15 minutos.

Se reanuda a sesión ás 22,10 horas cos asistentes Sr. Alcalde don Xosé Represas Giráldez, asistindo a secretaria accidental dona Pilar Rodríguez Domínguez, os señores concelleiros dona Cristina Fernández Davila, dona Hortensia Bautista Fernández, dona Verónica Carrera Blanco, don Francisco Floreal Alonso Pedreira, dona M^a Jesús Garrote Represas, don Mario Lago Moriña, dona Vanesa Fernández Soage, don Benito Marquez Castro, don Manuel Norberto Troncoso Rodríguez, don Salvador González Solla, dona M^a Belén Villar González, don Jesús Manuel Cao Vila, dona María Soledad Valado Pérez, don Manuel Alberto Novoa Iglesias, don Domingo Freitas Dalmeida, don Juan Carlos González Carrera, dona M^a José González Aparicio, e don Lino Costas Vila.

10.c).-Moción presentada por A Riada do Tea o 8-10-15 (nº 8258) para a creación dun Banco do Tempo Municipal.

Visto o dictame da comisión informativa de Benestar Social do 14 de outubro de 2015.

Visto o informe de intervención do 15-10-15.

O SR. TRONCOSO RODRÍGUEZ, trátase de que todos colaboren.
Volta en por en valor aquelas persoas que pola crise están sufrindo.
Propoño a creación dun Banco de Tempo no termo municipal.

A moción é do teor:

“EXPOSICIÓN

¿Que é un Banco do Tempo (BdT)?

Un BdT é un sistema de intercambio de servizos por tempo. No BdT a unidade de intercambio non é o diñeiro de costume, senón unha medida de tempo, por exemplo, o traballo por hora. É un sistema de intercambio de servizos, coñecementos ou bens (estes últimos en termos de trocos de bens por tempo ou mesmo de achegas para o Banco de alimentos municipal). Este servizo fomenta as relacións sociais e a igualdade entre os diferentes estratos económicos. O uso deste tipo de economía xorde para aviar varios problemas presentes na economía de mercado, a modo de economías complementarias ou alternativas de mercado. Actualmente, estes proxectos poden ser reforzados co apoio de tecnoloxías informáticas.

Imaxinemos, por exemplo, que certos individuos estaban dispostos a solicitar uns préstamos en termos de tempo. Así, como nos sistemas financeiros tradicionais, habería un cambio (neste



caso o tempo), a partir de unidades de superávit ó déficit, a cambio dun certo retorno por suposto, pagado en diñeiro ou unidades temporais, segundo o caso.

¿Como funciona un BdT?

Independentemente do servizo que prestes ou recibas, unha hora empregada en axudar a alguén proporcionarache unha hora de crédito, pois todas as habilidades teñen o mesmo valor. Os teus créditos serán depositados no BdT. Poden ser retirados en calquera momento e gastalos nunha ampla gama de servizos e oportunidades que ofrecen outros usuarios (tamén o propio BdT funciona como un usuario ofertando e demandando servizos doutros usuarios).

Estes plans son agora chamados bancos de tempo e son promovidos como unha ferramenta para a rexeneración da comunidade.

Habilidades, necesidades e dispoñibilidade de todos os usuarios son almacenados na base de datos do ordenador do BdT de forma confidencial e, así, calquera necesidade pode ser cuberta pola persoa adecuada.

O software do BdT grava e conta todas as transaccións realizadas entre usuarios e imprime os detalles de todas as contas.

Cando maior crédito de tempo circule e canta máis xente comparta o seu tempo e talento entre ela máis “rica” será a comunidade e máis forza é usada no cambio social, xa que todos terían a oportunidade de ser unha persoa doante e á vez demandante, é dicir, de facerse un membro produtivo da comunidade.

Despois dun tempo as redes informais de confianza e apoio evolucionan e actúan como unha forma de familia extensa (conectando persoas e respecto a súa autonomía).

Todos os trocos que inclúan ingredientes, equipos, etc. Deben ser subministrados pola subministrados (ingredientes no caso de cociña...).

¿Por que Ponteareas precisa un BdT?

A resposta é moi sinxela. Por unha banda, porque a cidadanía o demanda e, por outra, porque ademais é un recurso de base comunitaria, no que se posibilita o troco entre persoas de forma igualitaria e horizontal, co fin de mellorar a calidade de vida dos usuarios e usuarias.

Tratase de englobar o maior número posible de persoas para que todas colaboren e se cree unha dinámica de multiplicar o esforzo e o resultado positivo para TODAS E TODOS. Ademais, deste xeito, sentimos que formamos parte dun todo.

O BdT contribúe o desenvolvemento local e persoal de todos os seus membros, é cen por cento sostible e posibilita a participación e integración social.

AMBITO DE INFLUENCIA

Dende A Riada do Tea, cremos que o ámbito de influencia deste BdT non debe limitarse soamente o casco urbano e as parroquias do Concello de Ponteareas, se non a toda a súa área de influencia, é dicir, ás parroquias de Mondariz, Arbo, Salvaterra de Miño ou Covelo. Coidamos que Ponteareas debería ser a “sede central” e o resto pequenas sucursais, diferenciadas cuns códigos, por exemplo:

Ponteareas: 00

Mondariz: 01

Salvaterra: 02...

Desta maneira potenciaríamos a acción solidaria nunha maior superficie e para un maior número de usuarios e usuarias.

O único requisito para darse de alta neste BdT é ser maior de idade. A pesar desta condición, os menores de idade poderían beneficiarse das horas que os adultos teñan acumuladas nas súas contas.



OBXECTIVOS

Xerais

- Mellorar a calidade de vida do municipio.
- Axudar, ás persoas da comunidade, a realizar servizos cotiás.
- Romper co illamento e a soidade que sofren moitos dos nosos veciños e veciñas
- Crear un espazo para compartir.
- Fomentar a solidariedade, a amizade e a cooperación.
- Xerar novos recursos e actividades para a comunidade.

Particulares

- Fomentar a participación de todos os veciños e veciñas sen ningún tipo de exclusión, nin por idade, nin por orixe, nin por nivel de formación...
- Integrar a toda a poboación nos diferentes ámbitos de participación social e cultural.
- Poñer ó alcance da poboación un recurso que lle permita satisfacer as súas necesidades, independentemente do seu poder adquisitivo.
- Promover valores solidarios e educar neste ámbito.
- Promover relacións interxeracionais.
- Participar directamente no desenvolvemento local.

MEDIOS TÉCNICOS

A Riada do Tea considera que o Concello de Ponteareas conta con instalacións propias multifuncionais que se poderían empregar para o correcto desenvolvemento desta actividade.

MEDIOS HUMANOS

A nosa formación propón a NON contratación de persoal para levar a cabo o BdT, senón que se faga de forma totalmente voluntaria, ben creando unha OFICINA DO VOLUNTARIADO MUNICIPAL ou ben recorrendo sitios xa destinados a este fin como, por exemplo, o VOLUNTARIADO GALEGO. Outra solución sería facer campañas de "captación² e concienciación.

Sen embargo, si consideramos que se precisa unha persoa que desenvolva o papel de coordinadora, que se atope comprometida coas súas responsabilidades.

MEDIOS ECONÓMICOS.

Unha vez explicado o punto anterior, queda claro que a partida orzamentaria para este proxecto é mínima. Trataríase de cubrir material impreso, fotocopias e material de oficina diverso, dependendo do número de usuarios e usuarias do propio BdT e da publicidade que se lle quixera dar.

CRONOGRAMA.

Outubro de 2015: preparación de material, publicidade e captación de voluntarios.

Novembro de 2015: presentación pública de programa e captación de participantes.

Decembro de 2015: inicio de actividades.

Mensualmente, levarase a cabo unha avaliación do servizo e iranse realizando as melloras que se consideren axeitadas.

Cada mes organizarase, tamén, unha reunión con todos os usuarios para fomentar a relación entre eles, co obxectivo de facilitar a comunicación e de facer que os servizos resulten máis cercanos.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

NUMERO ESTIMADO DE USUARIOS

Tendo en conta que a poboación de Ponteareas é superior ós 24.000 habitantes, estimamos unha participación inicial do 3%, isto é, aproximadamente 700 usuarios.

Os usuarios de BdT disporán dun talonario que usarán para facer os pagos dos servizos que reciben doutros usuarios.

As persoas responsables do BdT son as que realizan as actualizacións dos saldos nas contas dos usuarios.

Cando un usuario do BdT recibe un servizo doutro, ten que lle dar un talón do seu talonario, no que aparecen, polo menos, os seguintes datos:

- Identificación do BdT
- Nome e número de usuario da persoa que solicitou o servizo
- Nome e número de usuario que realizou o servizo.
- Data na que se realizou dito servizos
- Horas de duración do mesmo
- Sinaturas dos dous usuarios
- Servizo realizado.

A persoa que realizou o servizo recolle o talón e o leva ó BdT, alí engadirán o tempo utilizado á súa conta como un ingreso a favor e descontarán ese mesmo tempo da conta da persoa que recibiu o servizo.

MODELO DE TALONARIO DO BdT

Cheque
Nº 000001

Cheque Nº 000001

BANCO DO TEMPO

Concello
de Ponteareas
de.....

Nº de Horas.....

A favor de.....

.....

.....

Nº de socio/a.....

O socio/a.....
Outorga da cantidade dehoras.....
polo intercambio realizado o día
a favor

Nº socio/a.....

MODELO DE FICHA DE INSCRIPCIÓN NO BdT

FICHA DE INSCRIPCIÓN NO BANCO DO TEMPO

Data de alta:

Número usuario/usuario

DATOS PERSOAIS:

NOME E APELIDOS-----

Dni/nie:-----DOMICILIO-----Nº-----PISO-----



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

LOCALIDADE-----C.P-----
TELEFONO-----TELÉFONO MÓVIL-----
CORREO-e-----
PERMISO CONDUCIR-----SI-----NON CLASE-----
VEHÍCULO PROPIO -----SI-----NON

DATOS PROFESIONAIS

PROFESIÓN-----
ESTUDIOS REALIZADOS-----
OUTROS COÑECIMENTOS-----.

AFICIÓNS E/OU INTERESES QUE QUEIRA COMPARTIR:

Oferta-----

Demanda-----

Desexo recibir información sobre as actividades do BdT-----Si-----Non.

Eu, -----con DNI/NIF----- lin e acepto a normativa de funcionamento e os compromisos do BdT.

O/a solicitante autoriza a dixitalización do documento para o seu arquivo electrónico

Asina:-----

Xunto con esta entregarase unha normativa de funcionamento que tamén deberá asinar e, automaticamente, o seu saldo será de 5 horas a favor, para poder comezar cos intercambios.

BENEFICIOS

- Recibir o crédito polas horas de servizos que eu prestei.
- Poder gastar o meu crédito nos servizos ofrecidos polos outros usuarios/usuarias do BdT.
- Respectar a miña vida privada e outras informacións obtidas nos intercambios, por ambas partes.
- Cambiar os servizos que ofrezco ou demando cando así o estime.
- Deixar de formar parte do BdT cando o considere oportuno.

OBRIGAS

- Respectar a vida privada e a información que obteña dos intercambios.
- Acudir a prestar os servizos ós que me comprometin, cando e como me sexa requirido ou informar os responsables do BdT e non o podo facer a tempo.
- Comunicar as persoas responsables do BdT calquera cambio na miña subscrición.
- Coidar o meu talonario e entregar os talóns dos servizos no prazo máximo dunha semana/mes...(ou no tempo que se estipule).
- Non dar nin recibir diñeiro a cambio dun servizo.
- Asinar os talóns dos outros usuarios/usuarias que me presten algún servizo.
- Ser puntual nos servizos ofrecidos ou demandados.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Por todo o exposto, A Riada do Tea PROPÓN ó Pleno da Corporación Municipal a adopción da seguinte

PROPOSTA

A creación dun Bando do Tempo municipal.”.-

O SR. COSTAS VILA, por un lado din que se xustifica. Sexa o que sexa é discutible. Se fala de intercambios individuais.

Poño un exemplo sobre os traballos: unha hora miña soldando, non ten igual valor que un ciruxano operando.

Unha cousa é dicir todos igual dereito a disfrutar dunha vida de calidade.

Non hai que confundir decindo que todo ten o mesmo valor.

Debería falarse de que tipo de traballos se van a intercambiar.

Dúbida ¿quen subministra?, ¿erro redacción?.

O que realiza o servizo, o que pon os materiais nesta caso por moitas horas que estea se quedará sen pintar, por exemplo, si non hai cartos. Outra cousa e ter partidas par comprar material.

Parace enfocada a que os parados traballen gratis. O traballo debe ser pagado, outra cousa e que estiveramos nun estado de cubrir as necesidades básicas .

¿Como afectaría esto na sua labor?.

¿Non estaríamos perxudicando o seu medio de vida?.

A SRA. GONZÁLEZ APARICIO, a iniciativa paréceme oportuna, eficaz, ferramenta útil, contacto veciñal, mellora a convivencia.

Ó Sr. Costas decirlle que o banco é municipal, xa adoptado en centos de municipios, como uso das relacións humanas.

Si existiran particularidades, entendo que estarían aquí contempladas, ou sobre a marcha se porán en claridade.

A proposta é viable.

ACIP vota a favor.

A SRA. GARROTE REPRESAS, O PSOE o levou no programa electoral.

Sr. Costas, hai algo que non pode ser entendido como pode ser a venta de tempo de traballo, é tempo.

No banco o tempo non se pode permitir. Por exemplo levo a unha veciña ao médico, etc, é mais voluntariado de tempo que de traballo.

Olo cos matices, pode ser que algúns se equivoquen.

No noso programa, xa o poñíamos, matiz regulado que ten que ser dende a administración.

O PSOE apoiará a moción con matices.

¿Poñela en marcha?. aceptará suxerencias, como é o límite comarcal.

Cronoloxía: prazos a incumplir de feito.

Apoiamola, pero se pode enriquecer e por claro o que non se pode facer co bando do tempo.

A SRA. CARRERA BLANCO, é favorecer o tempo entre as persoas.

Deixar ben claro na proposta, que as horas se intercambian, non se compran nin se venden.

O obxectivo é conciliación vida familiar-laboral, e o tempo.

Solución para moitos problemas económicos dos veciños.

Teño dúbidas co último parágrafo da primeira folla, creo debe delimitarse un puco mais.

Asociacións da vila que poidan aportar cursos, experiencias.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Dende o BNG de acordo.

A SRA. VALADO PEREZ, trala proposta do banco do tempo, dende o PP votamos a favor. Solidariedade cos demais.

Puntualizar, aclarar o do cronograma.

¿De cara as habilidades, quen as determina?.

Determinar intercambios, poden xurdir que traballos non estean ben feitos, o receptor vai recurrir ao concello en busca de solucións.

Ter un seguro a terceiros que cubra incidencias.

Un que teña unha débeda negativa en horas ¿que pasa se non o cumpre?.

¿Cómo equiparar as horas invertidas?.

De acordo, pero creo é necesario que o banco debería ter un regulamento.

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, agradecer o tono e a forma de todos.

Pedir disculpas polo erro do último parágrafo, agradezolle.

Contemplado para parados en anos, recuperar a persoa, axudando a outros, sertirse útil.

Insistir a proposta da Riada, é a creación, o funcionamento se fará entre todos dende o Consello Sectorial Social.

Insistir "creación".

Pido a axuda de todos os veciños e da Corporación.

O SR. COSTAS, falan do que non se corresponde co que pon aquí.

Fala de traballos por horas, de trocos.

Non se especifica que tipo de traballos, é intercambio de diferentes traballos.

A SRA-GARROTE REPRESAS, entendo que é proposta base, que hai que regular, non cabe a palabra "traballo"; ten que estar moi ben regulado.

Pode valer o documento base para crear pero non para desenrolalo. Hai que pulilo.

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, sorriso amable para todos.

Depende como se lea o escrito de caperucita, pode ser pornografía.

O SR. COSTAS VILA, aténdome o que pon aquí.

VOTACION.-19 votos a favor (5 BNG, 4 PSOE, 1 A Riada do Tea,7 PP, 2 ACIP), 1 voto en contra de EU.

Na súa consecuencia acordase:

-A creación dun Bando do Tempo municipal."-

10.d)-Moción presentada por ACIP o 9 de outubro de 2015 (registro nº 8287), para a creación do Inventario do Concello.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, tal como miramos despois, o 15-6-15 asinou un convenio coa Deputación. Leído ven a decir o que nos solicitabamos na moción.

Retiramos a moción, dámonos por satisfeitos.

A SRA. FERNANDEZ DAVILA, moi breve, comentar que en agosto comezou o traballo de campo (nas vías, electricidade, augas, saneamentos...).

Non dispomos de inventario. O PP incumpriu a lei dende 1958.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Será traído ao pleno cando se remate.

Incorporase a concelleira dona Raquel Bautista Alfaya.

O SR. GONZALEZ SOLLA, a moción é de ACIP. non debía intervir a Sra. Fernández.

En xuño 2014 e febreiro 2015 o pleno da Deputación aprobou os 2 proxectos, e foron solicitados por nos en xuño 2014, e dixitalizou o arquivo municipal, e en febreiro se puxo en marcha o proxecto.

Nos resulta curioso leer o dito polo Alcalde na prensa do inventario de bens, é a propis Deputación a que fai o 100% dos traballos.

Non nos parece de recibo,decir que é grazas ao goberno, cando fou aprobado no pleno da Deputación no cal o BNG se abstivo.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, na comisión informativa nos a presentamos, dixen quería mantela, pero ao mirar o documento non ten debate.

O convenio é asinado por Louzán, é de antes, non da época de vostedes.

Sra. Fernandez, non o asinaron.

Decirlle á Sra. Fernandez que o inventario existe pero non foi aprobado no pleno.

Retiramos a moción, insistir en que non debeu haber debate.

O SR. ALCALDE, é oportuno que a concelleira explicara o que se está a facer.

Os técnicos da Deputación afirmaron que lle enviaran o convenio dende a Deputación ata en cinco ocasións e vostede non o asinou.

O SR. GONZALEZ SOLLA, pide a palabra.

O SR. ALCALDE, non lla concedo.

A mocion queda retirada.-

10.e)-Moción presentada por ACIP o 9 de outubro de 2015 (registro nº 8288), para a creación dun Regulamento de Funcionamento do Servizo Contra Incendios do Concello de Ponteareas.-

A moción é do teor:

““O Concello de Ponteareas puxo en marcha o Servizo Municipal Contra Incendios no ano 1996, consistente en gardas de 24 horas de atención ós veciños os 365 días do ano, ante calquera situación de emerxencia no noso Concello,

Dito Servizo foise incrementando coa mellora das instalacións e medios humanos e materiais, sendo un referente para este Concello como un dos mellores servizos valorados polos novos veciños e sendo un referente nos Concellos limítrofes solicitando sempre que o precisen os seus servizos.

No ano 2000 aprobouse a Ordenanza Reguladora das taxas para o Servizo de prevención de incendios, prevención de ruínas, derrubamentos e salvamento coas súas posteriores modificacións ata a data.

Os profesionais que están destinados neste servizo o que veñen reclamando é un Regulamento Municipal de prestación do propio servizo, véndose en algúns casos sen saber si poden actuar ou polo contrario dito servizo que lle reclaman é competencia de outros.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Servizos que en moitos casos nada teñen que ver co seu cometido e que no momento que están a realizalo están desatendendo a saída de calquera servizo de emerxencia que os requira.

A creación dun regulamento municipal do Servizo porá fin a calquera dúbida que se poida pasar e os profesionais de dito servizo saberán sempre na situación que se atopan ante calquera demanda do servizo.

Por todo o exposto anteriormente propomos ante o Pleno da Corporación Municipal a toma dos seguintes acordos:

1º. Por parte da Concelleira delegada do Servizo se presente no prazo dun mes, un borrador dun Regulamento de Funcionamento do Servizo contra Incendios do Concello de Ponteareas.

2º. Se de traslado ós Grupos Municipais, Comité de empresa do Concello e ós propios traballadores do servizo contra Incendios para a aportación das súas propostas a dito Regulamento.

3º. Pasados ditos trámites e cos informes pertinentes sexa presentado no pleno para a súa aprobación.”

O SR. GONZALEZ CARRERA, creo que contará co apoio como dixeron na comisión informativa.

O servizo creouse en 1996, ben valorado polos cidadáns, é certoque se vai mellorando ano a ano e se consolidou economicamente.

Pido que se cree un regulamento de servizo para que os profesionais teñan claro a quen pertence tal ou cual traballo. Fan cuestións que ao mellor non son deles como desatascamentos.

Entendemos que o borrador será visto por todos e polos profesionais.

Pido apoio.

A SRA. FERNANDEZ SOAGE, canto me alegra Sr. Carrera que traia esta proposta.

Vostede estivo anos e anos no goberno deste concello, e como concelleiro na área que xestiono eu.

Non foi capaz de ter un regulamento.

Dende o 1996, se creou, pero os medios humanos son insuficientes, excedentes de horas, medios precarios.

Se incorporou un camión donado polo concello de Vigo, que o Sr. Solla non quixo recoller, decirlle que o socialismo non é contaxioso. Interpuxo ao PP por riba dos veciños.

Novos materiais incorporados entre outros: de rescate, equipo respiración, cascos, trípode, lanzas, serras, compresor....

Pese a todas as carencias, o equipo non é bo, traballarei para melloralo.

Eso e o que vostede e o PP non puderon mellorar.

Levo meses traballando nun protocolo de actuación revisados polos bombeiros.

Todas as propostas serán ben recibidas por mín.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, non fá intervir.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Sacou o tema do famoso camiión, o Sr. Caballero non lle dixo a verdade. O goberno en 3-3-2012 solicitou a Vigo un camiión que tiña uns 20 anos. O 5-9-12 sae na prensa que Vigo entregará un camiión a Ponteareas o que materializará proximamente. Lee o artigo.

En outubro 2012 volve a noticia á prensa. O 16-9-14 tivo entrada o borrador do convenio. O 20 de xaneiro 2015 se lle dixo, de acordo coa proposta. Dende aquela en abril se di que tiña que ir a Vigo, en precampaña electoral non era o momento oportuno.

A min ninguen do PP me inpediu ir buscalo.

Dous anos despois nos din ir recollelo.

Estamos fartos de que fale do PP.

Conseguimos convenio por mais de 150.000 euros, conseguido polas nosas xestións.

O SR. ALCALDE, as fotocopias as tiña, aínda que dí quen non tiña preparado.

A SRA. FERNANDEZ SOAGE, Sr. Carrera, peche, a realidade é a que é.

Vostede non fixo nada.

Sr. Solla, o momento adecuado é que o camiión no verán facía falta para o concello.

¿Acaso non foi ilegal o acto da Sra. Pastor en plena campaña electoral?.

Fun buscar o camiión, vostede non foi capaz de ir.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, 1 minuto de réplica.

O SR. ALCALDE, sexa breve, ciñase ao tema.

O SR. GONZALEZ SOLLA, Sra. Vanesa, dende o 2012 ata 2014 no nolo deron.

Respecto á circunvalación, imos a tela, cousa que os socialistas non fixeron.

A SRA. FERNANDEZ SOAGE ¿que vendeu o Sr. Rajoy, Sr. Solla?.

O SR. GONZALEZ CARRERA, a intervención da Sra. Fernandez basouse en descalificacións, a min me faltou. Falso testemuña, falta de respecto.

Non ofende quen quere, senon quen pode.

O PSOE votou pechar o parque de bombeiros.

Vostede non ten lexitimidade (fala de enchufados...)

En canto a situación do parque, vostede non fixo nada.

A plaza de Grumir ten esa plaza e non fixo nada.

O parque está aberto grazas os veciños.

Hai un convenio de consorcio de seguros que da diñeiro.

Vostede non fixo nada, so sabe sair en fotos. Siga así.

Tardou 4 meses en traer o vehículo, viña sen ITV, non deu exemplo.

O SR. ALCALDE, remate, ciñase.

O SR. GONZALEZ CARRERA, cando fala de carencias, ¿vostede vai resolver as carencias?.

Vostede está desilusionandome.

Non é a súa maneira esa de facer política.

O SR. ALCALDE, un minuto de réplica, por alusións.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, que pida por alusións.

A SRA. FERNANDEZ SOAGE, me alegra que o teña desilusionado.

Non me vai decir vostede en que fotos teño que saír.

O camiión viui polas xestións que fixeron os bombeiros.

Taxa de reposición 10%, aquí non é posible, antes de falar entérese, é para o Estado.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, Vostede levanta a voz, e falta ao respecto a este grupo municipal, vostede non tiña a réplica.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. ALCALDE, a tiña, por alusións.

O SR. GONZALEZ CARRERA, eu non pedín a súa comparecencia.
Os feitos están ahí dende 1996, vostede ten un presuposto que nos creamos, veremos cando mellora ese presuposto. Cando alguen pesenta algo é para mellorar.

O SR. ALCALDE, remate e non falte ao respecto.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, ¿que pasa aquí?. vostede non me quita a palabra.

O SR. ALCALDE somete o asunto a votación, co resultado; 21 votos a favor (unanimidade a favor dos membros presentes).

Na súa consecuencia, acordase:

1º. Por parte da Concelleira delegada do Servizo se presente no prazo dun mes, un borrador dun Regulamento de Funcionamento do Servizo contra Incendios do Concello de Ponteareas.

2º. Se de traslado ós Grupos Municipais, Comité de empresa do Concello e ós propios traballadores do servizo contra Incendios para a aportación das súas propostas a dito Regulamento.

3º. Pasados ditos trámites e cos informes pertinentes sexa presentado no pleno para a súa aprobación.”

O SR. ALCALDE, si nos ceñimos aos tempos da seguinte moción sobre as Hipotecas, daría tempo para aprobar a declaración de violencia contra as mulleres consensuada por todos os grupos da Corporación, e rematamos coa declaración sobre o 25-11-15.

Continuamos co punto 10.f).

10.f).-Mocións presentadas por EU-Son e ACIP o 22-10-15 e 29-10-15 respectivamente, á iniciativa promovida pola Asociación de Afectados pola Hipoteca en Ponteareas, para esixir unha nova lei reguladora do dereito a vivenda que cubra as medidas de mínimos para facer fronte á emerxencia habitacional.

O SR. COSTAS VILA, tal como di o enunciado é da plataforma dos afectados pola hipoteca. Neste tema a actuación do Estado, é nula.

O Estado debía asinar unha declaración como cos dos dereitos bancarios.

Se considera mais importante o dereito de propiedade.

Pido o apoio.

A moción eo do teor:

“A actual crise económica e o aumento do paro impactou de xeito dramático na vida de miles de persoas, que a causa das dificultades económicas sobrevidas non poden cubrir a súas necesidades máis básicas. Esta situación levou a que moitas familias non podan facer fronte ás cuotas hipotecarias ou de aluguer da súa vivenda habitual.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Esto traduciuse en miles de desfuizamentos en todo o estado español e que en centenaes de persoas viron vulnerado o seu dereito a unha vivenda digna, tendo que afrontar situacións de grave vulnerabilidade, precariedade extrema, pobreza e exclusión social, económica e residencial.

Segundo datos do Consello Xeral do Poder Xudicial dende 2007 ata o primeiro trimestre do 2015 producíronse no estado español 624.690 execucións hipotecarias, 8.178 no primeiro trimestre de 2015. A estas alarmantes cifras hai que sumar o aumento das dificultades para afrontar o pago do aluguer, que cada vez afecta a máis persoas. O CGPJ contabilizou a preocupante cifra de 397.954 desfuizamentos dende o inicio da crise no 2007 ata o primeiro trimestre do 2015, só no primeiro trimestre do 2015 executáronse 9.917 desfuizamentos.

Estamos ante unha situación de emerxencia e vulnerabilidade habitacional que se incrementa pola existencia dun mercado de aluguer escaso, caro e preocupantemente especulativo e por falla dun parque público de vivenda social, menos dun 2% da vivenda construída. Todo elo constitúe unha auténtica anomalía no contexto europeo. Ademais como denuncia o informe “Emerxencia Habitacional no estado español”, elaborado polo observatorio DESC e a Plataforma de Afectados pola Hipoteca, esta situación empeorase aínda máis polo feito de que España é o país de Europa con máis vivenda vacía, 13,7% do parque total (3 millóns e medio de pisos valeiros segundo o censo estatal de vivenda de 2011).

O contexto descrito de vulnerabilidade e emerxencia na que se atopa gran parte da poboación estase traducindo tamén nun significativo aumento das ocupacións de vivenda. Unha forma de facer efectivo o dereito á vivenda que aumenta o grado de vulnerabilidade social de quen se viu empuxado a esta forma de acceso á vivenda.

Tamén resulta alarmante o crecente número de persoas afectadas pola pobreza enerxética, entendida como a dificultade para poder pagar as facturas dos subministros básicos de electricidade, auga e luz. Os prezos de acceso e consumo de estos subministros, que creceron de xeito exponencial, volvéronse inasequibles para gran parte da cidadanía.

Esta situación de emerxencia social que sofren as persoas en situación de vulnerabilidade contrasta de xeito abrumador cos ingentes beneficios obtidos polas entidades financeiras e as empresas subministradoras.

A Declaración Universal dos Dereitos Humanos (artigo 25) e o Pacto dos Dereitos Económicos e Culturais, no artigo 11, recoñece “o dereito de todas as persoas a un nivel de vida adecuada para sí e a súa familia, incluso alimentación, vestido e vivenda adecuados, e a unha mellora continua das condicións de existencia. Os Estados Partes tomarán medidas apropiadas para asegurar a efectividade deste dereito...”

No marco xurídico nacional, o artigo 47 CE proclama o dereito a unha vivenda digna e adecuada así como o deber dos poderes públicos de promover as condicións necesarias e as normas pertinentes para facer efectivo este dereito, e o artigo 33 declara a función social da vivenda.

O artigo 267 Tratado Da Unión Europea declara a primacía do Dereito Comunitario (STJUE 9/3/1978, Asunto 106/77 caso Simmenthal) que despraza ao Dereito nacional (Artigo 93 CE, cesión competencias en relación ao artigo 96 CE, os tratados internacionais celebrados formarán parte do ordenamento interno)



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

En relación ao anteriormente exposto e concretando no ámbito que nos ocupa, a regulación do procedemento de execución hipotecaria na vixente Lei de Enxuízamento Civil infrinxe a normativa comunitaria. Esta lexislación é, polo tanto, ilegal ao ser de obrigado cumprimento polo xuíz nacional, adolecendo dun vicio radical que determina a súa nulidade de pleno dereito. Neste sentido manifestouse reiteradamente diferentes sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (Caso Aziz, caso Sánchez Morcillo y caso Mónica Kusinova)

En Cataluña presentouse, no mes de xullo de 2014, una iniciativa Lexislativa Popular (ILP) promovida pola Plataforma de Afectados pola Hipoteca, a Alianza contra a Pobreza Enerxética e o Observatorio DESC, recollendo así un clamor da cidadanía preocupada pola alarmante situación de emerxencia habitacional.

Esta ILP é hoxe unha realidade. O pasado 29 de xullo de 2015, o Parlament de Cataluña, aprobou a Lei 24/2015 de medidas urxentes para afrontar a emerxencia no ámbito da vivenda e a pobreza enerxética. Esta victoria no ámbito autonómico demostranos que facer efectivo o dereito á vivenda é unha cuestión meramente de vontade política.

En ocasión das próximas eleccións xerais, a Plataforma de Afectados pola Hipoteca fixo pública unha serie de medidas de mínimos que considera necesario e imprescindible incluír nunha futura Lei reguladora do Dereito á Vivenda. Estas medidas implican reformas profundas e valentes pero á súa vez factibles, xa que na súa maioría están recollidas na anteriormente citada lei 24/2015.

A situación anteriormente relatada aconsella a redacción da presente moción.

O PLENO DO CONCELLO DE PONTEAREAS DA APOIO ÁS PROPOSTAS PRESENTADAS POLA PLATAFORMA DE AFECTADOS POLA HIPOTECA E CONSIDERA NECESARIO INCLUIR AS SEGUINTE MEDIDAS nunha lei reguladora do Dereito da Vivenda.

1. Medidas de segunda oportunidade.

- . Dación en pago retroactiva e condonación da débeda (modificación da Lei Hipotecaria e da Lei de Enxuízamento Civil).
- . Eliminación automática por parte das entidades bancarias e sen previa petición do titular das cláusulas declaradas abusivas pola Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea.
- . Non se poderá executar a primeira e única vivenda tanto dos titulares como dos avaladores para exsistir a súa responsabilidade, en orde a considerar a vivenda habitual como un ben inembargable.
- . Eliminación de todos os requisitos restrictivos para acceder á moratoria da desfuizamentos e ao código guindos, salvo vivenda habitual, debedor/a de boa fe e carencia de recursos.

2. Aluguer digno.

- . A regulación do Aluguer en favor da parte máis débil dos contratos de arrendamento: os inquilinos. Introducendo mecanismos de seguridade na tenza, estabilidade na renda e alargando o prazo mínimo de duración do aluguer, como mínimo ata os 5 anos. Cando o



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

arrendatario pertenza a un colectivo especialmente vulnerable producirase unha prórroga automática do contrato de aluguer si así o manifesta, que será obrigada cando o arrendador sexa un banco ou gran propietario de vivendas.

3. Vivenda garantizada,

. As entidades bancarias garantirán un aluguer social para as persoas debedoras de boa fe e as súas unidades familiares, que tendo cedido a súa vivenda única e habitual en dación en pago non dispoñan de alternativa habitacional.

. Os grandes tenedores de vivendas, en especial as entidades financeiras e filiais inmobiliarias, fondos buitre, entidades de xestión de activos (incluídos os procedentes da restructuración bancaria e entidades inmobiliarias), garantirán un aluguer social para as persoas e unidades familiares en situación de vulnerabilidade que non pode facer fronte ao pago da súa vivenda e non dispoñan de alternativa habitacional.

. As persoas e unidades familiares en situación de vulnerabilidade que non podan facer fronte ao pago do aluguer de vivendas obtendrán axudas que lles garantan evitar o desfiuzamento.

. En ningún caso poderase realizar o desaloxo ou desfiuzamento de persoas en situación de vulnerabilidade, xa sexa por impago de aluguer ou ocupación en precario motivada pola falta de vivenda, sen que a administración competente garanta un realoxo adecuado.

. No caso que se leve a cabo o aluguer social nunha vivenda diferente á que reside a familia ou persoa en situación de vulnerabilidade, este realoxo producirase na zona onde estas teñan a súas redes vitais e sociais.

. Creación dun parque público de vivenda a través da mobilización de pisos valeiros en mans de entidades financeiras e filiais inmobiliarias, fondos buitre, entidades de xestión de activos (incluídos os procedentes da restructuración bancaria e entidades inmobiliarias) A administración regulará mediante Lei os mecanismos que posibiliten esta mobilización.

. En todas estas medidas o prezo a pagar en concepto de aluguer social non superará o 30% dos ingresos da unidade familiar, incluídos gastos de subministro, de acordo cos estándares de Nacións Unidas, sempre e cando os ingresos familiares superen o salario mínimo profesional 648,60€; no caso contrario o prezo a pagar en concepto de aluguer será do 10% dos ingresos e os subministros correrán a cargo das empresas subministradoras. (punto seguinte)

4. Subministros básicos

. Impedir os cortes de subministro básicos de auga, luz e gas das persoas e unidades familiares en situación de vulnerabilidade.

. O pago de subministros básicos para as familias en situación se fará de acordo á capacidade adquisitiva da unidade familiar, sempre respetando os estándares de Nacións Unidas.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

. Os costes asociados a garantir este dereito e a débeda acumulada que non podan ser cubertos polas persoas vulnerables serán asumidos polas empresas subministradoras.

5. Creación dun observatorio da vivenda.

.Este observatorio estaría composto por representantes das institucións y da sociedade civil. Este observatorio será o encargado de investir e analizar a situación da vivenda en España. Entre as súas funcións estarían facer censos periódicos de vivendas valeiras, facer o seguimento das políticas públicas, elaborar de informes; contaría con capacidade non só consultivas sino tamén control, seguimento, denuncia, executivas e de proposta lexislativa”.-

A SRA. GONZÁLEZ APARICIO, a Asociación nos fixo chegar esta moción para o Pleno. Apoiamos a súa loita.

A vivenda social é unha realidade en outros países, pero non aquí.

O goberno ten a obriga da vivenda, aquí a vivenda social non existe e coa crise económica incluso houbo suicidios.

Reitero que é necesaria a vivenda social. Se sigue sen acometer compensacións e sen rectificar, e todo un despropósito.

Loitar para que se manteña a vivenda social.

Estamos abertos a escoitalos e apoialos.

O SR, TRONCOSO RODRIGUEZ, dende a Riada do Tea nimos apoiar a proposta, contido de ética moral.

A SRA. GARROTE REPRESAS, pide a palabra.O SR. ALCALDE, ten a palabra.

O PSOE asume a proposta.Dende o 2012 vimos presentando iniciativas ao pleno .vivendas valeiras, non pago de plus valías, colaboración cos servizos xurídicos do concello....

No 2013 reclamamos aos bancos o tema das cláusulas solo, e no 2014 se presentou asumir polo concello a auga e a luz. A raíz diso se tratou o regulamento de emerxencia social e agora non vai ser menos.

Imos apoiar as dúas iniciativas. EU e ACIP.

A SRA. CARRERA BLANCO, dende o BNG apoiamos as iniciativas .

O dereito a vivenda digna,e un dereito.

O SR. GONZALEZ SOLLA, dacordo coas mocións e co que se propón.

A Xunta no 2015 recolle parte destas medidas.

As entidades de crédito cederon 240 vivendas ao instituto da Vivenda e Solo.

Agradecer as traballadoras sociais o realoxo en pisos de Salvaterra e 1 de Ponteareas.

Dacordo.

Instamos á Xunta a continuar con estas medias e outras.

Pido se incremente a partida social ata 100.000 euros.

O SR. COSTAS VILA, felicitar á Plataforma de afectados pola Hipoteca. A presión social leva a moverse as veces aos políticos.

O parágrafo "non desaloxo en ningun caso", eso non se está a cumprir. Debe ser garantido na súa totalidade.

VOTACION AS DUAS MOCIÓNS DE EU, e, ACIP.-
Unanimidade a favor dos membros presentes, 21 votos a favor.



Na sua consecuencia acordase aprobar na sua integridade a moción mais arriba reflectida.-

Hai unha moción de ACIP no punto 10.i) sobre violencia de xénero, e logo a declaración dos grupos.-

10.i)-Moción presentada por ACIP o 3-11-15 (nº 8923) sobre a proposta do manifesto do Día contra a Violencia de Xénero.

A moción é do teor:

“O vindeiro 25 de novembro é o Día Internacional contra a Violencia de Xénero. Dende hai dous anos vense trabalando coa idea de facer un Manifesto consensuado no que participen de xeito común todos os partidos da Corporación Municipal do Concello que así o desexen.

O grupo ACIP propón que un ano máis se traballe na liña de participación común nesta conmemoración, que precisa máis que nunca dunha voz única en prol desta loita, deixando fora intereses partidistas. Proponse unha vez máis acadar un consenso para elaborar un manifesto nun texto no que se recollan todas as reflexións e aportacións que cada grupo queira expresar, dende o entendemento e a rexeita unanime.

O Grupo ACIP propón ao Pleno da Corporación os seguintes acordos:

- 1- A elaboración dun Manifesto común consensuada por tódolos grupos con motivo da celebración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero o día 25 de Novembro.
- 2- A participación do tódolos grupos no desenvolvemento do programa do acto que teña lugar o día da celebración de xeito activo e integrado.
- 3- 3- Facer unha convocatoria de reunión onde tódolos grupos sexan informados e poidan aportar novas para a conmemoración do Día 25”.-

A SRA. GONZÁLEZ APARICIO, na comisión acordamos elaborar un manifesto conxunto para o 25 de novembro, así foi, onte fomos convocados e chegamos a un consenso satisfactorio, agora a moción non ten sentido.

Acordamos traer ao pleno o manifesto.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, pido o texto pactado.

O SR. ALCALDE, xa o coñecen é o pactado por todos. Se reparte o texto entre os concelleiros. Agradecer o traballo conxunto de todos. O que debe saír deste pleno é a mensaxe de todos contra a violencia machista

Dou a palabra á Sra. Carrera Blanco.

A SRA. CARRERA BLANCO, agracer a participación,as aportacións.

A nosa intención é aprobar no pleno o manifesto e queremos darlle o consenso para que a lacra non teña cor político.

Da lectura ao manifesto.

O SR. COSTAS VILA, dacordo co manifesto. Todo o que se faga erradicar as conductas machistas, e pouco.

As veces pensamos que esas conductas se van superando, pero non, as veces tamén se teñen na mocidade.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Temos unha moción urxente, nela tamén se incluían cousas.
A SRA.CARRERA BLANCO, o BNG tamén ten unha.

O SR. ALCALDE, algunha desas, noutro pleno se falará.

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, apoio ao 100%

A SRA. GONZALEZ APARICIO. agradecer a todos o apoio, e importante que non houbera cor político.

Sentarnos, falar, opinar, é importante e creemos que vai sentar preferente para que outros gobernos o fagan igual.

A SRA. FERNANDEZ SOAGE, o que manifestamos é os grandes avances que fixo o PSOE, esa é nosa bandeira, foi a bandeira da igualdade.

Fumos pioneiros de facer unha leide violencia de xénero.

800 asesinadas dende o 2003, para o PSOE a igualdade é un proceso fundamental.

Compromiso firme, mirar para adiante, agradecemos a unanimidade de todos.

SRA. VALADO PEREZ, agradecemos poder traballar en consenso e sin cor político, traballar todos a unha,e non esquezas a nosos nenos.

Necesitamos de todos nesa loita, tamén dos homes.

A SRA. CARRERA BLANCO, o 25 de novembro as 12,00 horas haberá acto institucional. Convidamos a todos diante do centro sociañil.

VOTACION AO MANIFESTO.-Unanimidade a favor dos presentes (21 votos a favor).

Na súa consecuencia a Corporación Municipal acorda:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PLENO CO MOTIVO DO 25 DE NOVIEMBRE, DÍA INTERNACIONAL POLA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Ante a conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia de xénero, o Concello de Ponteareas manifesta o seu posicionamento de repulsa e denuncia ante a persistencia dunha das evidencias máis virulentas de discriminación por razón de xénero: as violencias machistas.

A violencia machista é un dos problemas máis graves que ten que afrontar a nosa sociedade. A propia Lei Orgánica de Medidas de protección integral contra a violencia de xénero reconece que «estamos diante do símbolo máis brutal da desigualdade existente na nosa sociedade. Trátase dunha violencia que se dirixe sobre as mulleres polo feito mesmo de selo, por ser consideradas, polos seus agresores, carentes dos dereitos mínimos de liberdade, respecto e capacidade de decisión».

Nas últimas décadas, a violencia contra as mulleres ten deixado de ser un asunto invisíbel e ao longo dos últimos anos ten aumentado a conciencia social e o apoio familiar ás vítimas. O feito de que a violencia machista perdure obriga a actuar ao conxunto das administracións.

Instamos a dotar suficientemente as partidas orzamentarias que se viñeron recortando nos últimos anos, especialmente os recursos destinados a prevención e a asistencia social das vítimas de violencia de xénero, dependentes tanto das comunidades autónomas como do estado, deixando desamparados os servizos de proximidade dos concellos; servizos sociais municipais e Centros da Muller.

A loita contra a violencia de xénero debe ser unha prioridade para todos os espazos da actividade política, e deste traballo están vixentes a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro,



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

Aínda así, o número de denuncias é insuficiente, temos que loitar para que as vítimas se sintan protexidas e teñan confianza na xustiza.

Rexeitamos calquera lei que aínda que non teña unha relación directa ca violencia machista, sí considere indirectamente como modelo familiar tradicional a muller como unidade de reprodución, asistencia e coidado.

O Concello de Ponteareas apela a todas as institucións, axentes públicos e sociais para que se impliquen e demostren o seu compromiso profundo que se traduza en medidas legislativas e executivas, de protección e de prevención ata erradicar a lacra da violencia de xénero.

Demandamos seguir afondando na formación e especialización de todos os operadores xurídicos, forzas e corpos de seguridade así como sectores involucrados profesionalmente nas labores contra a violencia machista de xeito que se perfeccionen os mecanismos de sensibilización e detección de especial vulnerabilidade das vítimas de violencia de xénero.

A violencia non desaparecerá mentres exista unha relación desigual entre homes e mulleres, por iso precisamos máis que nunca que os homes sexan os nosos aliados e non se silencien ante calquer violencia, tanto a que sufren homes como mulleres, sen distinción nin de sexo, raza, condición.... Tamén neste senso é indispensable modificar os patróns patriarcais de comportamento e conducta no ámbito intrafamiliar. Home e muller son o reflexo na educación dos/as nosos fillos/as e só así se contribúe a desenvolver a empatía pola igualdade. Se non rompemos os ciclos, a violencia de xénero pasará de xeración en xeración.

Temos que ter presente que en calquer violencia os/as máis cativos/as son as principais vítimas, é por iso que temos que protexelos e reparar o dano causado a estes menores atendendo as súas necesidades psicolóxicas, de formación e de integración. As administracións competentes deben aportar os recursos precisos para levar todo isto á práctica.

É imprescindible actuar na educación dos/as máis cativos/as, incorporando ó currículo en todas as etapas educativas a formación específica en igualdade, información afectivo-sexual e de prevención da violencia de xénero.

O Concello de Ponteareas condena as violencias machistas en calquera das súas formas e reitera o seu compromiso a seguir loitando contra a violencia de xénero e en pro da igualdade.

O Concello de Ponteareas estará sempre a carón de quen defenda o dereito á vida, a integridade física e moral das mulleres e agradece a labor das organizacións de mulleres que teñen contribuído, decisivamente, a converter este delito nun problema de estado.

Trasladar esta declaración ao Presidente da Xunta de Galiza e ao Presidente do Goberno do Estado.

Sendo as 23,58 horas polo Sr. Alcalde dase por rematada a sesión, do que eu, Secretaria accidental, dou fe.-